

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 28 de setembro de 2007**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o vindeiro venres, día 28 de setembro de 2007, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión constitutiva do 18 de xullo e da acta da sesión plenaria ordinaria nº 11/07, do 14 de setembro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións da Presidencia nº 12.589, do 28 de xullo e 14.349, do 31 de agosto pola que se atribúe a dedicación exclusiva a determinados deputados, nos termos do acordo adoptado en sesión extraordinaria do 28 de xullo.

3.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 13.851 á nº 15.200.

Cooperación e Asistencia a Municipios

4.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Infraestrutura do Saneamento no núcleo de Neaño” do Concello de Cabana de Bergantiños, incluída no programa operativo local (POL) 2006. Código 06.2300.0222.0

Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

5.-Aprobación inicial do expediente de alteración do cambio de cualificación de parte do inmovible do Fogar Infantil de Ferrol (desafectación para a súa cualificación como ben patrimonial), e como trámite previo á cesión de uso ao Concello de Ferrol.

Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

6.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2007, 2ª fase integrado polo proxecto de fresado e pavimentación con mestura asfáltica en quente da E.P. 3608 Serante a Doniños (Pk. 0.000 a 1.2000).

7.-Aprobación do proxecto reformado de mellora da seguridade viaria nas estradas provinciais zona “B”, incluído no Plan de conservación de vías provinciais 2006, 1ª fase.

8.-Aprobación provisional do Plan de travesías 2007, 4ª fase integrado polo proxecto da travesía na EP 3404 Serra de Outes a Dumbría-Mazaricos (Pk. 10.700 ao 10.950).

Economía, Facenda e Especial de Contas

[9.-Acordo de aprobación do convenio tipo para a creación dunha conta corrente de compensación de créditos e débitos recíprocos cos concellos non usuarios do Servizo de Recadación.](#)

[10.-Modificación da Base de execución núm. 48ª do Orzamento 2007.](#)

[11.-Aprobar a formalización dun convenio coa asociación Euro-Eume para financiar a execución do proxecto europeo MULLER XXI dentro da iniciativa comunitaria EQUAL.](#)

Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

[12.-Proposta de aprobación de novos convenios cos concellos para Servizos de Normalización Lingüística 2007/2008.](#)

Persoal e Réxime Interior

[13.-Modificación do cadro de persoal e relación de postos de traballo do ano 2007.](#)

ACTUACIÓN DE CONTROL
[MOCIÓNS](#)
[ROGOS E PREGUNTAS](#)

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 28 DE SETEMBRO DE 2007

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 28 de setembro de 2007, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar sesión ordinaria .

CONCURRENTES

PRESIDE EN AUSENCIA DO TITULAR O ILMO. SR.:

DON PABLO VILLAMAR DÍAZ BNG

ASISTEN LOS SRES. DIPUTADOS SIGUIENTES:

DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DONA CARMEN FELICIDAD BORBUJO MARTÍNEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON PABLO COBIÁN FERNÁNDEZ DE LA PUENTE	PP
DONA MARÍA PILAR FARJAS ABADÍA	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON RICARDO GARCÍA-BORREGÓN MILLÁN	PP
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DONA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON BERNARDINO H. RAMA SEOANE	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DONA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DONA ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO	PP

DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS
DON JESÚS VEIGA SABÍN
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ

BNG
PP
PSOE

Non asiste a Sra. Seixas Naia.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor adxunto, don Juan Bautista Suárez Ramos.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO 18 DE XULLO E DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA Nº 11/07, DO 14 DE SETEMBRO.

Apróbase a acta da sesión constitutiva do 18 de xullo e a acta da sesión plenaria ordinaria nº 11/07, do 14 de setembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA Nº 12.589, DO 28 DE XULLO E 14.349, DO 31 DE AGOSTO POLA QUE SE ATRIBÚE A DEDICACIÓN EXCLUSIVA A DETERMINADOS DEPUTADOS, NOS TERMOS DO ACORDO ADOPTADO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 28 DE XULLO.

A Corporación toma coñecemento das resolucións da Presidencia nº 12.589, do 28 de xullo e 14.349, do 31 de agosto polas que se atribúe a dedicación exclusiva a determinados deputados nos termos do acordo adoptado na sesión extraordinaria do 28 de xullo de 2007.

3.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 13.851 Á Nº 15.200.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 13.851 á nº 15.200.

4.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “INFRAESTRUTURA DO SANEAMENTO NO NÚCLEO DE NEAÑO” DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS, INCLUÍDA NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL (POL) 2006. CÓDIGO 06.2300.0222.0

INTERVENCIONS

Sr. Gacio Vázquez

O Grupo Popular dá a súa aprobación a este punto.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o proxecto reformado da obra “Infraestrutura de saneamento no núcleo de Neaño” do Concello de Cabana de Bergantiños, incluída no programa operativo local (POL) 2006, código 06.2300.0222.0, que presentou o director das obras e que representa un incremento no seu orzamento de contrata.

1º.- Aprobar por un importe total de 104.549,92 € o proxecto reformado da obra “Infraestrutura de saneamento no núcleo de Neaño” do Concello de Cabana de Bergantiños, incluída no programa operativo local (POL) 2006, código 06.2300.0222.0, cuxa 2ª fase se aprobou mediante o acordo plenario adoptado do 29 de xuño de 2006

2º.- Aprobar, así mesmo, a modificación do seu financiamento debido ao incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado que representa a cantidade de 10.181,67 € a prezos de contrata, sendo de 6.775,68 € a prezos de adjudicación. O incremento financiaio íntegramente a deputación (código:06.2300.0222.1). Así os datos de financiamento total da obra quedan como segue:

“Infraestrutura de saneamento no núcleo de Neaño” Concello de Cabana de Bergantiños			
	Orzamento proxecto Inicial a prezos de contrata	Orzamento reformado a prezos de contrata	Incremento
	06.2300.0222.0		06.2300.0222.1
Deputación f.p.	23.592,05	33.773,72	10.181,67
Deputación outros	4.718,42	4.718,42	0
FEDER	66.057,78	66.057,78	0
TOTAL	94.368,25	104.549,92	10.181,67

3º.- Dispoñer a súa exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos dispostos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado e no art. 9 do R.D. 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

5º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida nos arts. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

6º.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o presente expediente.”

5.-APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DO CAMBIO DE CUALIFICACIÓN DE PARTE DO INMOBLE DO FOGAR INFANTIL DE FERROL (DESAFECTACIÓN PARA A SÚA CUALIFICACIÓN COMO BEN PATRIMONIAL), E COMO TRÁMITE PREVIO Á CESIÓN DE USO AO CONCELLO DE FERROL.

INTERVENCÍONS

Sr. Gacio Vázquez

O Grupo Popular dá a súa aprobación a este punto.

Sr. Sande Muñiz

Grazas, Sr. Presidente, Sras. Deputadas, Sres. Deputados. Para o BNG existen dúas premisas fundamentais para poder apoiar esta cesión e, polo tanto, a desafectación, que é o que se trae hoxe a esta sesión plenaria, premisas que vimos manifestando nas negociacións que se levaron a cabo no seo de goberno desta deputación, pois é coñecido que a posición inicial das dúas forzas políticas que conformamos este goberno non era totalmente coincidente cando se formulou inicialmente esta cuestión, e foi necesario, polo tanto, un proceso de negociación.

Estas dúas premisas son as seguintes: en primeiro lugar, desde o BNG entendemos que é fundamental que desde o Concello de Ferrol se especifiquen claramente por escrito cales son os usos concretos para os que se demanda a cesión destes locais do Fogar Infantil de Ferrol, tal e como expuxemos na Comisión Informativa. Consideramos imprescindible que se concreten os usos e, ademais, que o Concello de Ferrol se comprometa a manter un sistema de control de acceso aos edificios e asuma a responsabilidade da seguridade do recinto.

A outra premisa fundamental é que se leve adiante o proxecto que desde a Área de Benestar Social da deputación se xestionou para a dotación dunha ludoteca comarcal nas instalacións do Fogar Infantil de Ferrol. Esta é unha proposta que se veu xestando desde o ano 2006 e que se aprobou para ela un expediente de modificación de créditos no mes de marzo, existía ademais un compromiso coa Vicepresidencia da Xunta de Galicia para colaborar no financiamento da ludoteca, compromiso que segue en vigor e mesmo xa estaban elaborándose os pregos para sacar a concurso a adquisición do mobiliario, pois ben, desde o BNG entendemos que este proxecto ten que ser implementado e pode levarse a cabo no resto de instalacións anexas ao Fogar Infantil, en concreto no actual edificio da lavandería. Desta forma, manténdose este

proxecto, e prevéndose, polo tanto, no orzamento do próximo exercicio a partida necesaria para a reforma deste edificio onde se encontra na actualidade a lavandería e que necesita un investimento, certamente, como o que se fixo no resto das instalacións, non nos opomos á cesión dos espazos que agora se traen ao Pleno para a súa desafectación, sempre e cando os usos sexan compatíbeis co propio Fogar Infantil e non prexudiquen, por suposto, a seguridade dos nenos e as nenas usuarios deste.

Polo tanto, consideramos que esta reforma é unha prioridade para o próximo exercicio, debe levarse a cabo primeiro a reforma e posteriormente os trámites para a posta en marcha do proxecto da ludoteca coa máxima premura, implementárase así un recurso comarcal, como é esta ludoteca, entroncando mesmo co acordo plenario que se adoptou en Ferrol, que chegado o seu momento podería formularse a súa cesión para ser xestionada pola mancomunidade. Sendo así, cumpríndose estas premisas aquí manifestadas, o BNG non se opón neste momento á desafectación, e no seu momento, cando se faga a proposta de cesión, tampouco nos oporemos, sempre e cando o convenio para a cesión recolla claramente o que rematamos de manifestar. Nada máis, moitas grazas, Sr. Presidente, Sras. Deputadas, Sres. Deputados.

ACORDO

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º. Aprobar inicialmente o expediente de alteración da cualificación xurídica do anexo do edificio do Fogar Infantil de Ferrol, coa descripción que figura no plano remitido polo Servizo de Arquitectura, para súa cualificación como ben patrimonial. En concreto a superficie que se vai desafectar é a seguinte:

Planta semisoto	146,94
Planta baixa	282,20
Planta primeira	347,50
Superficie do solo	510,40

(272,30 m2 da edificación e 238,10 m2 do espazo exterior axardinado)

2º.- Expoñer o citado expediente a información pública durante o prazo dun mes a contar desde a publicación no BOP, para os efectos de reclamacións. Trascorrido o dito prazo someterase á consideración do Pleno para a resolución das devanditas reclamacións e no seu caso a aprobación definitiva.”

6.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2007, 2ª FASE INTEGRADO POLO PROXECTO DE FRESADO E PAVIMENTACIÓN CON MESTURA ASFÁLTICA EN QUENTE DA E.P. 3608 SERANTE A DONIÑOS (PK. 0.000 A 1.2000).

INTERVENCIÓNS

Sr. Gacio Vázquez

No punto número seis, Sr. Presidente, Sres. e Sras. Deputadas e Deputados, o Partido Popular dá a súa aprobación a este punto número seis tamén.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2007, 2ª fase integrado polo proxecto que a continuación se relaciona e tomar en consideración o proxecto incluído nel, cun orzamento total de 146.761,24 euros con cargo á aplicación 0401/511B/210.01:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
07.1100.0032.0	FRESADO E PAVIMENTACIÓN CON MESTURA ASFÁLTICA EN QUENTE DA E.P. 3608 SERANTES A DONIÑOS (P.Q. 0+000 O P.Q. 1+200)	146.761,24

2.- Expoñer ao público o proxecto mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido sen que estas se produzan, considerarase definitivamente aprobado.”

7.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NAS ESTRADAS PROVINCIAIS ZONA “B”, INCLUÍDO NO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006, 1ª FASE.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o proxecto REFORMADO do de MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NAS ESTRADAS PROVINCIAIS ZONA “B”, Código 06.1100.0001.1, polo seu orzamento de contrata de 75.093,76 euros que representa un incremento verbo do primitivo de 4.330,34 euros.

2.- Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo APLICACIONES DE PINTURAS API, S.A., CIF: A-80649619, as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adjudicación supoñen un novo orzamento de adjudicación de 50.628,22 euros, que representa un incremento verbo do primitivo de 2.919,52 euros.

3.- Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 116,86 euros que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días, quedando por tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 2.025,21 euros.”

8.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2007, 4ª FASE INTEGRADO POLO PROXECTO DA TRAVESÍA NA EP 3404 SERRA DE OUTES A DUMBRÍA-MAZARICOS (PK. 10.700 AO 10.950).

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente o Plan de travesías 2007, 4ª fase integrado polo proxecto que se relaciona por ser o que se axusta ao disposto no TEXTO REFUNDIDO DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE INCLUIRÁN NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
07.1130.0005.0	TRAVESÍA NA E.P. 3404 SERRA DE OUTES A DUMBRÍA (P.Q. 10+700 O P.Q. 10+950) MAZARICOS	74.820,57

2.- Expoñer ao público o proxecto unha vez aprobados provisionalmente por un prazo 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.”

9.-ACORDO DE APROBACIÓN DO CONVENIO TIPO PARA A CREACIÓN DUNHA CONTA CORRENTE DE COMPENSACIÓN DE CRÉDITOS E DÉBITOS RECÍPROCOS COS CONCELLOS NON USUARIOS DO SERVIZO DE RECADACIÓN.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o texto do seguinte convenio:

CONVENIO PARA A CREACIÓN DUNHA CONTA CORRENTE DE COMPENSACIÓN DE CRÉDITOS E DÉBITOS RECÍPROCOS COS CONCELLOS NON USUARIOS DO SERVIZO DE RECADACIÓN

A Coruña.....de....de 200...

REUNIDOS

O Sr. D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña, que actúa en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O Sr. D., alcalde-presidente do Concello de....., que actúa en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a formalización do presente convenio e

EXPOÑEN

1.- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións establece no seu artigo 14.1.e) a obriga para o beneficiario de toda subvención de acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, que se está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Do mesmo modo, o Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas recolle entre as prohibicións de contratar, no seu artigo 20.f) “non estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou de Seguridade Social”.

2.- A deputación mantén cos concellos da provincia importantes liñas de concesión de subvencións e é así mesmo suxeito pasivo de tributos e outros ingresos de dereito público dos que son titulares os concellos (IBI, taxa de lixo, etc...)

Ao mesmo tempo, os concellos contraen coa deputación obrigas pecuniarias de todo tipo (tributarias, convencionais, de achegas a plans provinciais ou outras).

O necesario cumprimento dos requirimentos arriba sinalados provoca a miúdo a paralización do pagamento de subvencións, axudas ou obrigas en xeral aos concellos, derivada do non pagamento por parte destes de calquera débeda existente coa deputación.

Esta circunstancia non se produce no caso dos concellos usuarios do Servizo de Recadación, por canto o sistema de anticipos a conta da recadación definitiva do exercicio permite compensar todos os créditos e débitos recíprocos, polo que se entende que sempre están ao corrente das súas obrigas e non ven paralizado o proceso de outorgamento e cobro de subvencións ou a xestión de convenios interadministrativos.

Para permitir unha relación máis áxil e eficaz cos concellos non usuarios do Servizo de Recadación, faise necesario arbitrar algún sistema de compensación automática que facilite ao máximo os trámites da compensación.

3.- O artigo 71.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria establece que “os obrigados tributarios poderán solicitar a compensación dos créditos e as débedas tributarias das que sexan titulares, mediante un sistema de conta corrente, nos termos que regulamentariamente se determinen”.

No mesmo sentido, o artigo 109 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local sinala que “A extinción total ou parcial das débedas que o Estado, as Comunidades Autónomas, os organismos autónomos, a Seguridade Social e calquera outras entidades de dereito público teñan coas entidades locais ou viceversa, poderá acordarse por vía de compensación, cando se trate de débedas vencidas, líquidas e esixíbeis”.

Este sistema de conta corrente tributaria permite a compensación dos créditos e débedas de natureza tributaria que sexan obxecto de anotación na conta para facilitar o cumprimento das obrigas de pagamento das débedas tributarias e evitar continuos pagamentos e cobros. A súa finalidade consiste na extinción por compensación dos créditos e débedas recíprocas, os cales, desde o momento en que son obxecto de anotación, deixan de ser esixíbeis individualizadamente, para se integrar no saldo da conta, o cal é obxecto de determinación periódica.

4.- O citado sistema pode ser perfectamente trasladábel ao ámbito das relacións entre a Deputación e o Concello de, no marco do presente convenio, de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto regular un sistema de conta corrente de compensación de créditos e débitos recíprocos, coa finalidade de facilitar o cumprimento das obrigas de pagamento das débedas tributarias e demais ingresos de dereito público por parte do Concello de..... e, ao mesmo tempo, permitir a tramitación e aboamento, por parte da Excm. Deputación da Coruña, das subvencións ou prestacións das que sexa beneficiario o concello.

Segunda.- Débedas e créditos obxecto de anotación no sistema de conta corrente
Serán obxecto de anotación na conta corrente, para os efectos de proceder á súa compensación periódica, os créditos e débitos seguintes:

- a. Os créditos tributarios e demais ingresos de dereito público
- b. As subvencións e transferencias
- c. Achegas para o financiamento de gastos compartidos
- d. Calquera recurso que proceda de convenios interadministrativos formalmente tramitados.

Terceira.- Efectos sobre os créditos e débitos recíprocos

1. A aplicación do sistema de conta corrente en materia de tributos e demais ingresos de dereito público determinará que a totalidade dos créditos e débitos aos que fai referencia a cláusula segunda se computen en orde á liquidación da conta, con efectos desde o mesmo día en que teña lugar o vencemento do prazo de ingreso en período voluntario da débeda tributaria ou ingreso de dereito público, ou no que venza o prazo legal para o pagamento da subvención, ou para o pagamento das achegas que xurdan de convenios subscritos.

2. Os créditos e débitos que, de acordo coa cláusula segunda, deban ser obxecto de anotación, non serán esixíbeis individualizadamente durante a vixencia da conta corrente de compensación, senón unicamente polo seu saldo resultante tras a liquidación.

Cuarta.- Compromisos das partes

Para poder concretar os créditos e débitos recíprocos, ambas as dúas institucións asumen os seguintes compromisos:

a) A deputación comprométese a comunicar e notificar fidedignamente, no prazo de vinte días desde a correspondente resolución, todas as liquidacións que xurdan de tributos provinciais, achegas a convenios vencidos e outros conceptos de ingreso que poidan ser obxecto de liquidación e a trasladar unha copia dos ditos actos á Tesourería municipal.

b) O concello comprométese a comunicar e notificar fidedignamente, no prazo de vinte días desde a correspondente resolución, todas as liquidacións que xurdan de tributos municipais e outros conceptos de ingreso que poidan ser obxecto de liquidación por parte deste e a trasladar unha copia dos ditos actos á Tesourería provincial.

En particular, comprométese a achegar, en todo caso, antes do 1 de maio de cada exercicio, as liquidacións que resulten da xestión e recadación da recarga provincial do imposto sobre actividades económicas referido ao exercicio inmediatamente anterior.

A non remisión desta información no tempo e prazo establecidos, dará lugar á denuncia do convenio nos termos establecidos na cláusula sétima e habilitará á outra parte para a obtención desta información polos procedementos e trámites dispostos na lexislación vixente.

Quinta.- Determinación do saldo da conta corrente e esixibilidade deste

1. Para efectos de determinar o saldo da conta corrente, extinguiranse os créditos e débedas recíprocas por compensación, xurdindo un novo crédito ou débeda polo importe do saldo debedor ou acredor da conta.

2. A determinación do saldo da conta corrente tributaria efectuarase tomando en consideración os dereitos e obrigas que resulten líquidos, vencidos e esixíbeis con referencia aos días 31 de maio e 30 de novembro de cada exercicio, salvo no suposto establecido na cláusula sétima do presente convenio.

3. Para a determinación deste saldo, tomaranse en consideración as seguintes actuacións:

a) Todas as notificacións de actos administrativos que liquiden dereitos ou recoñezan obrigas recíprocas realizaranse a través dos servizos de Tesourería respectivos.

b) Constitúese unha Comisión de Seguimento do presente convenio, que se reunirá con carácter ordinario na primeira quincena dos meses de xuño e decembro de cada exercicio e, con carácter extraordinario, cando o solicite calquera das administracións asinantes.

c) A devandita Comisión de Seguimento terá composición paritaria e estará integrada polos seguintes membros:

En representación do Concello de.....:

- O concelleiro delegado de Economía e Facenda.
- Un representante da Intervención.
- Un representante da Tesourería.

En representación da Deputación provincial:

- O deputado - presidente da Comisión de Economía e Facenda e Especial de Contas.
- Un representante da Intervención.
- Un representante da Tesourería, que fará as funcións de Secretaría da Comisión
-

d) Son cometidos da Comisión de Seguimento:

- Recompilar toda a información do semestre correspondente, relativa a créditos e débitos recíprocos e confirmar a súa condición de líquidos, vencidos e esixíbeis.
- Determinar o saldo resultante.

4. O crédito ou débeda resultante da determinación do saldo pola Comisión de Seguimento deberá ingresarse antes do día 31 de xullo, para o saldo resultante do primeiro semestre, e antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte, para o saldo resultante do segundo semestre.

Sexta.- Falta de ingreso do saldo da conta corrente

A falta de ingreso, no prazo establecido, da débeda resultante da determinación do saldo da conta corrente, dará lugar á denuncia do presente convenio e á esixibilidade dos xuros de mora correspondentes, calculados nos termos do artigo 26 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e 38.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Sétima.- Duración do sistema de conta corrente de compensación de créditos e débitos recíprocos

A duración do sistema de conta corrente de compensación será, con carácter xeral, indefinida e aplicarase en tanto non se produza a denuncia do presente convenio por algunha das partes. A dita denuncia deberá producirse, en todo caso, por escrito e ser comunicada á outra parte, o que producirá efectos inmediatos.

Durante a vixencia do presente convenio, entenderase que ambas as dúas administracións están ao corrente nas súas obrigas respectivas, para todos os efectos.

A denuncia do presente convenio por algunha das causas expostas nas cláusulas cuarta e sexta implicará que a administración debedora non está ao corrente nas súas obrigas, para os efectos legalmente dispostos.

Oitava.- Cláusula final

O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento das posibles cuestións litixiosas que puidesen xurdir como consecuencia del.

Corresponderalle á Comisión de Seguimento a interpretación, modificación e resolución do convenio.

O presente convenio obriga ao cumprimento dos expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as súas cláusulas.
Faise constar que o presente convenio foi aprobado mediante a resolución da Presidencia n.º con data do.....

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE PRESIDENTE
DO CONCELLO DE...

Asdo.: Salvador Fernández Moreda

Asdo.:

2º.-Facultar ao Sr. Presidente para que realice as actuacións conducentes á conclusión deste acordo, así como a sinatura dos convenios.”

10.-MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN NÚM. 48ª DO ORZAMENTO 2007.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Modificación da Base 48ª de execución do orzamento provincial.

1º-1.-Incorporar ás subvencións nominativas recollidas na Base 48ª do orzamento provincial do exercicio 2007 as que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2.d da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

<u>APLIC. PRESUP.</u>	<u>BENEFICIARIO</u>	<u>OBXECTO E FINALIDADE</u>	<u>IMPORTE</u>
0104/330B/789.01 ,00	Asoc. Vihda	Constr. e equip. Hosp.Distr. Maragua-Quenia.	73.000
0104/463C/489.01 ,00	Fundación Galicia America	Bolsas estudos alum.colexio Santiago A.	50.000
0104/463C/789.01 ,00	Fed. Asoc.Gal.Repub. Arxentina	Nova ampliación do Mega.	12.306
0104/463C/789.01 ,00	Asoc. Centro Betanzos (Arxentina)	Instalación elevador sede social.	15.450
0201/121ª/489.00 ,64	Achega á FEMP	Cota extra 07 estudo financiamento local.	7.159
0701/313M/789.01 ,00	Agadea	Equipamento local en Cancelas-Mallou(Stgo).	35.000

Total

192.915,64

1º-2.-Deixar sen efecto a subvención nominativa recollida na Base 48ª do orzamento provincial do exercicio 2007 que se enumera a continuación.

<u>APLIC. PRESUP.</u>	<u>BENEFICIARIO</u>	<u>OBXECTO</u>	<u>E</u>	<u>FINALIDADE</u>
<u>IMPORTE</u>				
0701/313M/789.01 ,00	AFACO	2ª fase construción Centro Terapéutico.		500.000
		Total		
500.000,00				

2º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularsen reclamacións, o acordo considerárase aprobado definitivamente. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

11.-APROBAR A FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO COA ASOCIACIÓN EURO-EUME PARA FINANCIAR A EXECUCIÓN DO PROXECTO EUROPEO MULLER XXI DENTRO DA INICIATIVA COMUNITARIA EQUAL.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o texto do seguinte convenio:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN EURO-EUME PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO EUROPEO EQUAL MULLER XXI.-

A Coruña, de de dous mil sete

REUNIDOS

Dunha parte, o Ilmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra, D. José Castro Romero na súa calidade de presidente da Asociación Euro-Eume,

Todas as partes actúan para e por conta das entidades que representan, no exercicio das funcións e poderes que legalmente posúen e mutuamente se recoñecen,

EXPOÑEN

Primeiro:

Que a Deputación Provincial da Coruña ten entre outros obxectivos:

Apoiar e colaborar cos concellos da Coruña de tal forma que se poida garantir o benestar e a igualdade de oportunidades das persoas, independentemente do lugar da provincia no que residan.

Promover o diálogo e a colaboración tanto coa Administración central como coa Autonómica, e a Unión Europea.

Garantir que o financiamento dispoñíbel na Unión Europea para posibilitar o desenvolvemento económico e social de zonas que teñen un nivel de renda inferior á media europea e española, se destinen á súa finalidade na provincia da Coruña.

Ofrecer información relevante e comprensíbel aos concellos e aos cidadáns en xeral, sobre os programas europeos e as súas liñas de financiamento.

Colaborar na preparación de proxectos técnicos que sexan demandados polos concellos e servizos provinciais que sexan susceptíbeis de seren financiados pola Unión Europea.

Segundo:

Que ao abeiro da segunda convocatoria de axudas do Fondo Social Europeo correspondentes á Iniciativa Comunitaria EQUAL en España, aprobada por resolución do 18 de marzo de 2004, da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo e publicada no BOE nº 76 de 29/03/004, a deputación presentou o proxecto MULLER XXI, aprobado por decisión da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo en España do 17/11/2004.

Que, de acordo coa citada convocatoria, foi constituída unha Agrupación de Desenvolvemento (AD) denominada REDE XXI e constituída pola asociación Euro-Eume, Caixa Galicia, Fundación Mujeres, a Federación Provincial de Minusválidos da Coruña, a Organización non Governamental Ecodesenvolvemento Gaia, Século XXI Consultores S.L., Unións Agrarias-UPA, Sindicato Labrego Galego e a propia Deputación da Coruña.

Terceiro:

Que dentro das entidades membros da AD Muller XXI, a Asociación Euro-Eume é unha asociación sen ánimo de lucro, recentemente declarada asociación de interese público, na que poden participar todas as entidades xurídicas e persoas físicas interesadas no desenvolvemento integral da área territorial. Comprende os municipios de Cabanas, A Capela, Moeche, Monfero, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño, As Somozas e Vilarmaior.

Que no desenvolvemento do proxecto, a Deputación Provincial da Coruña, realiza diversas funcións de coordinación, asesoramento, difusión das actividades e participación nos órganos de control e xestión, apoiando o financiamento do proxecto, polo seu interese en mellorar a conciliación da vida familiar e laboral no ámbito rural da provincia da Coruña.

As actuacións nas que participarán activamente os membros da AD, así como as contías económicas e tipoloxía das actuacións recóllense no proxecto adxunto en anexo 1, así como no Acordo de Constitución da Agrupación de Desenvolvemento (ACAD), adxunto en anexo 2.

Que das características do proxecto e do papel da AD REDE MULLER XXI, dedúcese o interese de aplicar o mesmo procedemento para regular a colaboración da Deputación Provincial da Coruña no desenvolvemento do proxecto, xa que facilita a súa execución, seguimento e control.

En consecuencia, ambos os dous organismos conveñen establecer o presente acordo de colaboración, segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Euro-Eume para o desenvolvemento de accións relativas ao proxecto Equal MullerXXI.

SEGUNDA.- As actividades que ha desenvolver a Asociación Euro-Eume axustaranse aos programas e á duración establecidas no proxecto aprobado e no Acordo de Constitución da Agrupación de Desenvolvemento e concretan nas seguintes accións:

DESCRIPCIÓN	Custo
<i>Análise do contorno de actuación e situación sociolaboral.</i>	<i>5.000,00€</i>
<i>Creación de Comisións Locais de Participación.</i>	<i>6.000,00€</i>
<i>Formación para o autoemprego e fomento do espírito emprendedor.</i>	<i>12.000,00€</i>
<i>Creación de 3 empresas piloto (servizo de comidas, lavandería e canguros)</i>	<i>10.000,00€</i>
<i>Análise do tecido empresarial para a selección de empresas.</i>	<i>5.000,00€</i>
TOTAL	38.000,00€

TERCEIRA.- Para o seguimento xeral e os temas que requiran propostas de modificación do proxecto aprobado, crearase unha Comisión de Seguimento, formada pola persoa designada representante da deputación na AD e a persoa designada en representación da Asociación Euro-Eume , así como o responsábel de xestión do proxecto desta entidade.

As reunións desta Comisión celebraranse a solicitude dalgunha das partes ou previo ás solicitudes de pagamento, coa finalidade de realizar a correspondente certificación.

CUARTA.- A Asociación Euro-Eume destinará para realizar este proxecto, de entre o seu persoal, aquel que sexa necesario para a correcta realización das accións programadas, contratando aquel do que non dispoña, sen que en ningún momento signifique relación laboral ou doutro tipo coa Deputación Provincial da Coruña.

A Asociación Euro-Eume ou outras entidades coas que se contrate, están obrigadas ao cumprimento das disposicións vixentes en materia fiscal, laboral, da Seguridade Social, de Seguridade e Hixiene no traballo e cantas outras disposicións en vigor lle sexan de aplicación.

De conformidade co disposto no art. 31.3 da Lei 38/2003, deberá solicitar como mínimo 3 ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía na proposta económica máis vantaxosa.

QUINTA.- Se no desenvolvemento do programa aparecen circunstancias que aconsellasen modificar os detalles e condicións establecidas neste convenio

en relación coa participación no proxecto “MULLER XXI” , esta poderá ser aprobada polo presidente da Deputación da Coruña despois de solicitude e xustificación da proposta, sempre que a dita modificación non supoña incremento do importe total do convenio nin variación substancial do obxecto do proxecto aprobado pola UAFSE.

SEXTA.- En todas as actividades de carácter público e en todo o material que se utilice tanto para a divulgación do proxecto como para a súa execución, figurará o patrocinio da Deputación Provincial da Coruña coa súa imaxe corporativa, se proceder, ao lado dos símbolos e imaxe existentes do Proxecto “MULLER XXI” .

*Xunto con ela utilizarase en todo o material a imaxe do Fondo Social Europeo de acordo coas normas en vigor, e a referencia á Iniciativa Comunitaria **EQUAL** .*

A Asociación Euro-Eume poderá utilizar libremente para as súas fins propias os produtos que se obteñan como consecuencia deste proxecto, para o que lles será facilitada unha copia no formato que se indique polos servizos técnicos da deputación.

SEPTIMA.- O orzamento do proxecto “MULLER XXI” é de 1.296.000,00€, dos que 972.000,00€ (75% do total) son achegados polo Fondo Social Europeo.

Tendo en conta o principio de capacitación dos proxectos Equal, a Asociación Euro-Eume executará actividades por un total de 38.000,00 €, dos cales o 75% (28.500,00€) serán financiados polo Fondo Social Europeo. Da cantidade total de cofinanciamento, 9.500,00€ (25%), a Asociación Euro-Eume achegará a cantidade de 4.000,00€ (10,53%) e a deputación achegará a cantidade de 5.500,00€ (14,47%).

Que o dito importe repercutirá unicamente en actividades que desenvolva a Asociación Euro-Eume dentro do ámbito de actuación do proxecto Equal Muller XXI

Para os efectos do aboamento da dita cantidade, a Asociación Euro-Eume xustificará a realización de actividades e gastos pagos conforme ao establecido na Guía de Xestión de proxectos da Iniciativa Comunitaria Equal. Para o pagamento, a entidade beneficiaria achegará a seguinte documentación:

- **Descrición de actividades realizadas.**
- **Relación de gastos pagos coa porcentaxe de imputación asignada ao proxecto.**
- **Relación de documentos xustificativos coas súas correspondentes ordes de transferencia bancaria .**

Así mesmo, achegarán documentación acreditativa de estar ao día das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.

Da conta xustificativa presentada pola Asociación Euro-Eume, a deputación pagará o 14.47% do seu importe, ata o total indicado de 5.500,00 €, logo dos informes favorábeis previos dos Servizos de Planificación, DT e UE,

Patrimonio e Contratación e a Intervención Xeral da Deputación Provincial da Coruña e con cargo á aplicación orzamentaria 0104/322K/489.01, código de proxecto 2005.3.8100.019.

A ASOCIACIÓN EURO-EUME deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa deputación, situación que se determinará de oficio pola propia deputación a través do Servizo Provincial de Recadación.

Deberá presentar declaración da totalidade das subvencións públicas ou privadas obtidas para a mesma finalidade (de conformidade co disposto no artigo 14.d) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

No caso de que non se xustificasen a totalidade dos gastos, minorarase a achega da deputación, aboándose o 14,47% da cantidade realmente xustificada.

OITAVA.- Calquera incumprimento das normas, a entrega de documentación fraudulenta ou o desvío do obxecto do gasto para fins distintas das estipuladas no convenio, terán carácter liberatorio para a Deputación Provincial da Coruña verbo dos compromisos contraídos cos demais socios da AD “Rede MullerXXI” e dará lugar á rescisión automática do presente convenio.

NOVENA .- O convenio poderá ser denunciado polas partes, cun aviso previo de tres meses de anticipación. Neste caso, finalizaranse as actividades que estean realizándose, non podendo iniciarse ningunha desde a notificación do aviso previo e aboarase a parte proporcional das actuacións realizadas ata a data de aviso.

DÉCIMA.- O presente convenio ten natureza administrativa, así, no caso de controversia sobre a interpretación e execución das cláusulas deste, estas resolveraas unha comisión formada por un representante de cada unha das partes asinantes e unha terceira persoa designada de común acordo por ambas as dúas partes. No suposto de diverxencias na súa interpretación e execución, será a orde xurisdiccional contencioso-administrativa a competente para a súa resolución.

Para a resolución das dúbidas ou lagoas que puidesen xurdir na súa interpretación estarase ao establecido no R.D.Legislativo 2/2000 do 16 de xuño polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas e a normativa española aplicábel, principalmente a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A duración do presente convenio alcanza ata o trinta de novembro de dous mil sete, sen posibilidade de prórroga, manténdose en vigor en tanto non se finalicen as accións iniciadas antes da finalización da data final.

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte á súa sinatura.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión celebrada o día de 2007

E en proba de conformidade asinan o presente convenio por exemplar cuaduplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA ASOCIACION EURO-
EUME

12.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DE NOVOS CONVENIOS COS CONCELLOS PARA SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA 2007/2008.

INTERVENCIONS

Sr. Secretario

A este punto hai unha emenda de modificación.

Sr. Presidente

Primeiro explica o Sr. Sande a emenda e despois se queren intervir o resto dos grupos, poden facelo.

Sr. Sande Muñiz

Brevemente, explicar o sentido da emenda. Presentamos esta emenda ao ditame da Comisión, co obxecto de corrixir un erro detectado na redacción do ditame orixinal, onde se recolle que os concellos dos que se recibiu comunicación mostrando o seu interese en participar neste novo programa de convenios, fóra do prazo marcado, poderán acollerse tamén ao programa de se producir algunha baixa nos 22 concellos que entraron en prazo, ou ben de haber dispoñibilidade orzamentaria, e faise mención expresa a tres concellos, Santa Comba, Fisterra e Carral, que entraron fóra dese prazo marcado. Pois ben, detectamos que non son só estes tres concellos, que hai algún outro que si enviou a comunicación tamén fóra dese prazo, polo tanto, a corrección vai no sentido de que todos os concellos que contestaron a convocatoria, aínda que a contestación chegase fóra do prazo establecido, que foi un prazo bastante reducido pola premura de o levar á Comisión e a este Pleno, que todos eles poidan participar tamén na convocatoria cumpríndose as dúas premisas, é dicir, que haxa orzamento suficiente ou que renuncie algún dos 22 concellos que si entraron en prazo.

Creo que foi a vontade expresada na Comisión por parte de todos os grupos a de que todos os concellos que quixesen, e cumpriren os requisitos evidentemente, puidesen participar nesta convocatoria e crear os seus Servizos de Normalización Lingüística, polo tanto, esta emenda vai nese sentido. É tamén vontade do responsábel da Área de Benestar Social, Políticas de Igualdade e Normalización Lingüística que todos os concellos poidan entrar na convocatoria habendo dispoñibilidade orzamentaria.

En principio, o que estaba previsto nos orzamentos para este ano 2007 era a prórroga do convenio 2006-2007, por un ano máis, ata o 30 de setembro de 2008, máis ante as demandas de varios concellos que non tiñan convenio, que formulaban o seu desexo de crear neste ano Servizos de Normalización Lingüística, ou mesmo que xa o tiñan creado, e ademais en moitos casos recibiran tamén subvención da Xunta, en caso de non sacar a deputación unha nova convocatoria algúns deles mesmo terían que renunciar á subvención, ao non ter posibilidade de facer fronte á creación do Servizo, nos formulamos a posibilidade de suplementar a partida para os convenios e poder así facer fronte tamén a unha nova convocatoria, ademais da prórroga.

Cremos que o resultado foi un éxito, pois aos 26 concellos que tiñan convenio e que comunicaron o seu desexo de o prorrogar, sumáronse outros 22, que contestaron no prazo marcado, adheríndose á nova convocatoria, e mesmo poderían sumarse algúns concellos máis, e polo tanto, o resultado final, de se aprobar esta nova convocatoria, sería que se duplica o número de concellos que terían Servizo de Normalización Lingüística mediante convenio coa deputación e mesmo se chegaría a superar a metade da totalidade dos concellos da provincia. Nada máis, moitas grazas, Sr. Presidente, Sras. Deputadas, Sres. Deputados.

Sra. Vázquez Mejuto

Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados, simplemente por parte do Grupo Popular agradecer a proposta que fixemos na Comisión de que entrasen todos aqueles concellos, tivesen opción a entrar nos convenios, simplemente pedir que se vaian consolidando, é dicir, que non sexa un convenio de ano a ano, porque pensamos que o Servizo de Normalización Lingüística é imprescindible en todos os concellos. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Votamos en primeiro lugar a emenda e se se aproba a emenda ou non, votaremos despois o ditame da Comisión.

Apróbase por unanimidade a emenda.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Primeiro.- Aprobar a subscrición de convenios de cooperación cos concellos da provincia da Coruña indicados no punto III do informe do Servizo de Patrimonio e Contratación.

Segundo.- Para o caso de resultar que causa baixa algún dos concellos propostos, dentro do programa de convenios do exercicio 2007, poderán ser incluídos todos os

concellos que soliciten acollerse á convocatoria, seguindo os mesmos criterios de dar preferencia ao menor número de habitantes, e tendo en conta a xornada do persoal, sempre que se conte con crédito adecuado e suficiente que permita o compromiso de gasto do convenio e coas mesmas condicións que no resto dos outros convenios do programa.

Terceiro.- A formalización dos convenios quedará condicionada á acreditación previa de que estean os concellos ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Cuarto.- Facultar ao presidente da Corporación para que unha vez acreditados os puntos referidos nos apartados segundo e terceiro, subscriba os convenios oportunos e realice as actuacións administrativas necesarias para a execución dos acordos adoptados.”

13.-MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO ANO 2007.

INTERVENCÍONS

Sr. Secretario

Aquí tamén hai unha emenda de adición.

Sr. García Gorostizu

Nós entendemos que esta é unha das materias que pola súa función, as forzas políticas tiñamos que ter presente a necesidade de alcanzar un consenso, e gustaríanos que neste punto concreto nos fose posíbel alcanzalo, pero non podemos o noso grupo obviar que esta proposta vén e arrinca dun proceso en que os nosos membros do grupo municipal nesta Corporación iniciamos, por primeira vez, a toma en contacto, e que xa no Plan de emprego 2006-2009, aprobado por esta Corporación en febreiro do ano 2006, o noso grupo, en canto ao modelo estrutural de organización, tiña dúbidas de como podían quedar determinados servizos con estas previsións para o 2006 no Plan de emprego, en concreto recordo como podía afectar a un Servizo que para nós é importante, moi importante, como era o Servizo de Asistencia a Municipios.

Polo tanto, temos que ter unha coherencia co posicionamento dos nosos compañeiros neste punto concreto, e resúltanos imposíbel sumarnos á proposta mantendo un voto de abstención e coñecendo as novas responsabilidades do deputado responsábel desta materia a nosa disposición para alcanzar un consenso nunha materia tan importante como esta nas próximas cuestións relacionadas con outros servizos da deputación que, nos próximos meses, vai ser obxecto tamén de estudar como nesta proposta se fai a retribución e a especial dedicación dalgúns dos servizos. Polo tanto, o noso voto neste punto vai ser de abstención.

Sr. Nogueira Fernández

En primeiro lugar agradecer a manifestación do portavoz do Partido Popular neste caso, o Sr. Gorostizu, dicir lle que por parte do equipo de goberno tamén estamos dispostos, como estivemos sempre, a sumar o consenso xeral de toda a Corporación nun Plan de emprego que foi tamén acordado coas forzas sindicais, non con todas, houbo dúas forzas sindicais que non o asinaron, hai negociacións cos sindicatos que non asinaron o Plan de emprego e, efectivamente, o punto este que vén hoxe na orde do día é como consecuencia do desenvolvemento dese Plan de emprego, e polo tanto estamos desexando que o Partido Popular tamén se sume a este consenso, por parte do goberno desta deputación estamos dispostos a colaborar e buscar o consenso co Partido Popular no desenvolvemento do Plan de emprego que, efectivamente, hoxe veñen dous Servizos como é o de Benestar Social, e como é o de Vías e Obras, a outros Plenos virán outros servizos e que, polo tanto, esperemos que ese consenso e esa disposición que manifesta o Partido Popular, e que tamén manifesta o grupo de goberno, se poida plasmar en próximos Plenos nun acordo por unanimidade das modificacións que veñan doutros servizos. Nada máis.

Vótase a emenda e apróbase por unanimidade.

A continuación vótase o ditame da Comisión coa emenda:

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Modificar o cadro de persoal e relación de postos de traballo do ano 2007, nos seguintes termos,

- CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA:
 - Profesor Música-Pianista. 1 praza de nova creación.
- I.E.S. CALVO SOTELO:
 - Profesor técnico Formación Profesional Dep. Artes Gráficas. 1 praza de nova creación.
 - Profesor técnico Formación Profesional Dep. Garantía Social. Transformación da praza e posto de profesor de Apoio.
- TESOURERÍA:
 - Técnico Xestión Económico-Financeira. Amortización do posto base e creación do de xefe de Sección de Tesourería.

- Xefe de Sección. 1 posto de nova creación.
- Técnico Xestión Económico-Financeira. Amortización dun posto base vacante.
- **SERVIZO PROVINCIAL DE RECADACIÓN:**
 - Recadador xefe territorial de Zona. Cambio de denominación de todas as prazas e postos e transformación da praza laboral vacante actualmente en praza de persoal funcionario. Configurar os postos como de libre designación
 - Técnico de Xestión Tributaria. 6 prazas de nova creación.
 - Xefe de Negociado de Xestión de Recadación. Incremento do complemento específico na contía correspondente pola realización das funcións de tramitación de anticipos de caixa fixa.
- **SERVIZOS TÉCNICOS DE INFRAESTRUTURAS E CONSERVACIÓN:**
 - Xefe Sección. Amortización da praza e posto.
 - Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos. 1 praza e posto de nova creación.
 - Enxeñeiro técnico Vías e Obras. 1 praza e posto de nova creación.
 - **AUMENTOS DO NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO:**
 - ✓ Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos (2): Nivel 24.
 - ✓ Enxeñeiro Técnico Industrial (1): Nivel 24.
 - ✓ Enxeñeiro Técnico Topografía (2): Nivel 22.
 - ✓ Auxiliar Técnico (16): Nivel 19.
 - ✓ Auxiliar Técnico (Sabón) (1): Nivel 19.
 - **RÉXIME DE ESPECIAL DEDICACIÓN.** Implantación do réxime a todos os postos técnicos que non o teñan asignado:
 - ✓ Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos (2).
 - ✓ Enxeñeiro técnico Vías e Obras (5).
 - ✓ Enxeñeiro técnico industrial (1).
 - ✓ Enxeñeiro técnico topografía (2).
 - ✓ Auxiliar técnico topografía (Laboral) (2).
 - ✓ Auxiliar técnico (16).
 - ✓ Auxiliar técnico (Sabón) (1).
 - ✓ Operario (2).

Achégase a nova descrición das funcións dos postos de traballo

- **SERVIZO DE FOMENTO E SERVIZOS PROVINCIAIS:**
 - Técnico Servizos Sociais xefe Unidade Técnica. Amortización da praza e posto, Grupo B.
 - Técnico Servizos Sociais. 2 prazas e postos de nova creación, 1 do grupo A e outra do grupo B, nivel 22. Achégase a nova descrición das funcións dos postos de traballo
 - **AUMENTOS DO NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO E/OU EQUIPARACIÓNS RETRIBUTIVAS E RÉXIME DE ESPECIAL DEDICACIÓN:**

- Técnico Servizos Sociais (2): Nivel 22.
- Director Fogar Infantil Emilio Romay (1): Nivel 22, equiparado a efectos retributivos a xefe de Negociado, especial dedicación.
- Director Fogar Infantil Ferrol (1), laboral: equiparación retributiva coas retribucións de xefe de Negociado funcionario, nivel 22, especial dedicación.
- **SERVIZO DE INFORMÁTICA:**
 - Xefe de Servizo: Cambio da forma de provisión do posto pola de libre designación e aberto ós funcionarios de toda as administracións públicas, configurándose a escala AX/AE.
- **SERVIZO DE ARQUITECTURA:**
 - Arquitectos técnicos: Dúas prazas e postos de nova creación, grupo B, nivel 22
- **OFICIALÍA MAIOR**
Transformar o posto de secretaria grupo D, en secretaria grupos C/D
- **SERVIZO DE FISCALIZACIÓN**
Transformar o posto de secretaria grupo D, en secretaria grupos C/D
Transformar 1 praza de auxiliar de administración xeral en 1 praza de administrativo de administración xeral.
- **SECRETARÍA PARTICULAR DA PRESIDENCIA E RELACIÓNS PÚBLICAS**
Transformar 2 prazas de auxiliar de Relacións Públicas en 2 prazas de administrativo (Relacións Públicas), e unha praza de auxiliar de Prensa en 1 praza de secretaria do Gabinete de Prensa, Grupo C, AX, LD, en réxime de especial dedicación .
- **INSPECCIÓN TRIBUTARIA**
Transformar 1 praza de auxiliar administrativo en 1 praza de administrativo de administración xeral.
- **SERVIZO DE XESTIÓN DE PLANS**
Transformar 3 prazas de auxiliar administrativo en 3 prazas de administrativo de administración xeral.
- **RECADACIÓN**
Transformar 1 praza de auxiliar administrativo en administrativo de administración xeral.
- **TESOURARÍA**
Transformar 1 praza de auxiliar administrativo en administrativo de administración xeral.
- **XESTIÓN TRIBUTARIA**
Transformar 4 prazas de auxiliar administrativo en 4 prazas de administrativo de administración xeral.
- **SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS**
Transformar un posto de xefatura de grupo D en xefatura de grupo C AX.
Crear un posto de xefatura de Negociado B/C, AX/AE.

Transformar unha praza de auxiliar de administración xeral en administrativo de administración xeral.

- **SERVIZO DE PLANIFICACIÓN, DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E UNIÓN EUROPEA**

Modificar a xefatura do Servizo en AX/AE. Titulación 1/6/7

Modificar a xefatura de Sección UE e Acción Exterior en 1/2/6/7/9

FUNCIONES DOS POSTOS DOS SERVICIOS TÉCNICOS DE INFRAESTRUTURAS E CONSERVACIÓN:

- **XEFE DE SERVICIO:**

- Dirixir, coordinar e controlar as unidades que compoñen o Servizo.
- Planificar e organizar as actividades do Servizo.
- Asesorar ós órganos políticos nas materias propias do Servizo.
- Colaborar coa Presidencia e/ou deputado de Obras na fixación dos obxectivos, formulación de propostas, orzamentos e plans de actuación, así como na súa execución.
- Despachar coa Presidencia e/ou deputado de Obras, canalizando adecuadamente as relacións entre os órganos políticos e o persoal do Servizo.
- Preparación e xestión do orzamento.
- Formación e desenvolvemento dos Plans de investimento, conservación e seguridade viaria e desenvolver os Plans de infraestruturas e o Banco de Proxectos.
- Coidar a oportuna formación dos programas de actuación e o seu desenvolvemento.
- Someter a exame e aprobación da Corporación cantos estudos, propostas ou informes considere oportunos para o bo funcionamento do Servizo e lle sexan ordenados.
- Establecer relacións con outras institucións, referentes ás actividades do Servizo, así como redactar as propostas de convenios ou acordos que se asinen.
- Colaborar co Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos na selección do persoal para o Servizo e nos Plans de formación del.
- Controlar a adquisición do material que se realice para o Servizo.
- Velar polo cumprimento do Servizo da normativa vixente na materia de persoal.
- Colaborar na elaboración da Memoria anual da Corporación.
- Propoñer a celebración de reunións cos responsables doutros Servizos afíns, para resolver asuntos ou coordinar actuacións nos temas da súa competencia.
- Asistir ás actividades formativas convenientes para o desenvolvemento das súas funcións.
- Promover o desenvolvemento do Servizo, incorporar e actualizar tecnoloxía informática e facilitar a formación necesaria para o persoal.

- Manexar as aplicacións informáticas corporativas ou departamentais, que sexan implantadas no Servizo.
- Coordinar as tarefas dos enxeñeiros técnicos, topógrafos e delineantes.
- Todas aquelas funcións que lle sexan encomendadas polo presidente e/ou deputado de Obras, adecuadas á súa capacitación profesional.
- ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS:
 - Dirixir, coordinar e controlar o persoal do Servizo ás súas ordes.
 - Planificar e organizar as actividades do dito persoal.
 - Asesorar ao xefe do Servizo nas materias propias del.
 - Colaborar co xefe do Servizo na fixación de obxectivos, formulación de propostas, orzamentos e plans de actuación, así como na súa execución.
 - Colaborar co xefe do Servizo na preparación e xestión do orzamento.
 - Colaborar co xefe do Servizo na formación e desenvolvemento dos Plans de investimento, conservación e seguridade viaria.
 - Coidar a oportuna formación dos programas de actuación e o seu desenvolvemento.
 - Someter a exame e aprobación do xefe do Servizo cantos estudos, propostas ou informes considere oportunos para o bo funcionamento da Unidade e lle sexan ordenados.
 - Colaborar co xefe de Servizo na elaboración da Memoria anual da Corporación.
 - Asistir ás actividades formativas convenientes para o desenvolvemento das súas funcións.
 - Manexar as aplicacións informáticas corporativas ou departamentais, que sexan implantadas no Servizo.
 - Redacción dos proxectos e dirección das obras que lle sexan encomendadas practicando as visitas que considere necesarias ás obras.
 - Xestionar o Polígono de Sabón.
 - Colaborar na xestión do Banco de Proxectos.
 - Actualizar as Bases de Prezos, Xustificación de Prezos e Pregos de Condicións dos Proxectos.
 - Crear un Banco de Detalles tipo para incluír nos planos dos proxectos.
 - Coordinar as tarefas dos enxeñeiros técnicos topógrafos e delineantes.
 - Emisión dos informes relacionados coa explotación das estradas (permisos de obras, denuncias, alegacións, reclamacións).
 - Elaboración de estudos de tráfico e accidentes.
 - Todas aquelas funcións que lle sexan encomendadas polo xefe do Servizo, adecuadas á súa capacitación profesional.
- ENXEÑEIRO TÉCNICO DE VÍAS E OBRAS:
 - Colaborar co xefe de Servizo e/ou enxeñeiro de camiños na realización de todas as súas funcións e no desenvolvemento de todas as súas responsabilidades.
 - Dirixir, coordinar e controlar ó persoal do Servizo ás súas ordes.

- Planificar e organizar as actividades do mencionado persoal.
- Asesorar ao xefe do Servizo e/ou enxeñeiro de camiños nas materias propias do Servizo.
- Colaborar co xefe do Servizo e/ou enxeñeiro de camiños nas materias propias do Servizo.
- Colaborar co xefe do Servizo e/ou enxeñeiro de camiños na fixación de obxectivos, formulación de propostas, orzamentos e plans de actuación, así como na súa execución.
- Colaborar na preparación e xestión do orzamento.
- Colaborar na formación dos programas de actuación do Servizo e no seu desenvolvemento.
- Someter a exame do xefe do Servizo e/ou enxeñeiro de camiños cantos estudos, propostas ou informes considere oportunos para o bo funcionamento do Servizo e lle sexan ordenados.
- Asistir ás actividades formativas convenientes para o desenvolvemento das súas funcións.
- Manexar as aplicacións informáticas corporativas ou departamentais, que sexan implantadas no Servizo.
- Redactar os proxectos e dirixir as obras que lle indique o xefe do Servizo e/ou o enxeñeiro de camiños.
- Colaborar co xefe do Servizo e/ou enxeñeiro de camiños na dirección das obras que lle indiquen.
- Colaborar na xestión do Banco de Proxectos.
- Colaborar na actualización das Bases de Prezos, Xustificación de Prezos e Pregos de Condicións dos Proxectos.
- Colaborar na creación dun Banco de Detalles tipo para incluír nos planos dos proxectos.
- Emisión de informes relacionados coa explotación das estradas (permisos de obras, denuncias, alegacións, reclamacións).
- Emisión de informes relacionados coa explotación das estradas (permisos de obras, denuncias, alegacións, reclamacións).
- Colaborar co enxeñeiro de camiños na elaboración de estudos de tráfico e accidentes.
- Todas aquelas funcións que lle sexan encomendadas polo xefe do Servizo e/ou enxeñeiro de camiños, adecuadas á súa capacitación profesional.
- ENXEÑEIRO TÉCNICO INDUSTRIAL:
 - Colaborar co xefe do Servizo e/ou enxeñeiro de camiños na fixación de obxectivos, formulación de propostas, orzamentos e plans de actuación, así como na súa execución, relacionados co Polígono de Sabón.
 - Colaborar na preparación e xestión do orzamento de conservación e investimento nas instalacións do Polígono.
 - Colaborar na formación dos Programas de conservación e investimento dos servizos do Polígono de Sabón.

- Someter a exame do xefe do Servizo e/ou enxeñeiro de camiños cantos estudos, propostas ou informes considere oportunos para o bo funcionamento do Servizo lle sexan ordenados.
- Emitir informes relacionados coa conservación e explotación dos servizos instalados no Polígono de Sabón dentro da súa especialidade e competencia.
- Asistir ás actividades formativas convenientes para o desenvolvemento das súas funcións.
- Manexar as aplicacións informáticas corporativas ou departamentais, que sexan implantadas no Servizo.
- Colaborar na redacción dos proxectos e dirección das obras de conservación e investimento nas instalacións do Polígono que lle indique o xefe do Servizo e/ou enxeñeiro de camiños.
- Xestionar a conservación ordinaria e urxente das instalacións do Polígono dentro da súa especialidade.
- Emisión de informes relacionados coa explotación do Polígono de Sabón (permisos de obras, denuncias, alegacións, reclamacións).
- **AUXILIAR TÉCNICO:**
 - Auxiliar ao seu superior xerárquico en: replanteo de obras; transmisión das súas indicacións na relación coa execución das obras ao persoal da contrata; control e vixilancia da execución das obras; realización de medicións e informes; toda de datos e informes para a elaboración dos distintos plans; vixilancia das estradas e as súas zonas de influencia.
 - Elaboración de partes de denuncia por infracción da Lei e regulamento de estradas.
 - Replanteo das liñas nas obras que han realizar os particulares.
 - Asistir ás actividades formativas convenientes para o desenvolvemento das súas funcións.
 - Manexar as aplicacións informáticas que sexan implantadas no Servizo e concretamente: aplicacións ofimáticas, inventario vídeo.
- **AUXILIAR TÉCNICO (SABÓN):**
 - Auxiliar ao enxeñeiro técnico industrial en: replanteo de obras; transmisión das súas indicacións en relación coa execución das obras ao persoal da contrata; control e vixilancia da execución das obras; realización de medicións e informes.
 - Elaboración de partes de denuncia por infraccións da Ordenanza do Polígono de Sabón.
 - Replanteo das liñas nas obras que han realizar os particulares.
 - Colaboración na execución de obras de conservación menores.
 - Asistir ás actividades formativas convenientes para o desenvolvemento das súas funcións.
- **OPERARIO:**

- Auxiliar ao auxiliar técnico do Polígono de Sabón nas tarefas de conservación das instalacións del, dentro da súa categoría profesional.
- **ENXEÑEIRO TÉCNICO EN TOPOGRAFÍA:**
 - Tomar os datos de campo para a elaboración dos planos do proxecto e replanteos de obras.
 - Tomar datos de campo durante a execución da obra para elaborar as certificacións de obra, cando así se lle requira.
 - Comprobar a realidade xeométrica das obras que así o requiran.
 - Facilitar a información xeométrica en soporte informático.
 - Asistir ás actividades formativas convenientes para o desenvolvemento das súas funcións.
 - Manexar as aplicacións informáticas corporativas ou departamentais, que sexan implantadas no Servizo.
 - Colaborar na supervisión dos datos topográficos dos proxectos elaborados por consultoras e dos proxectos entregados polos concellos.
- **AUXILIAR TÉCNICO EN TOPOGRAFÍA:**
 - Colaborar cos enxeñeiros técnicos en topografía na toma de datos, elaborando esbozos, manexando aparellos sinxelos e determinadas aplicacións informáticas a nivel elemental.
- **DELINEANTE:**
 - Desenvolvemento gráfico de toda clase de proxectos e traballos de estudo.
 - Facilitar a información en soporte informático.
 - Asistir ás actividades formativas convenientes para o desenvolvemento das súas funcións.
 - Manexar as aplicacións informáticas, corporativas ou departamentais, que sexan implantadas no Servizo e especificamente aplicacións de CAD.
 - Realizar os traballos que requiran o uso de tecnoloxía: ordenador, fotocopiadora de planos, cortadora de planos.
 - Funcións de dobrado e encadernado de planos.
 - Arquivar os planos confeccionados polo Servizo e a cartografía existente.
- **XEFE DE NEGOCIADO:**
 - Colaborar co xefe do Servizo na tramitación dos expedientes administrativos xerados nas Unidades Técnicas.
 - Tramitar as certificacións e liquidacións de obras.
 - Tramitar os proxectos.
 - Tramitar as recepcións de obra.
 - Dirixir, coordinar o persoal administrativo.
 - Tramitar os expedientes sancionadores polo incumprimento da Lei e regulamento de estradas.

- Tramitar os expedientes de autorizacións nas zonas de afección das estradas.
- Asistir ás actividades formativas convenientes para o desenvolvemento das súas funcións.
- Manexar as aplicacións informáticas corporativas ou departamentais, que sexan implantadas no Servizo.
- AUXILIAR ADMÓN. XERAL:
 - Xestionar o rexistro de entrada e saída de documentación do Servizo.
 - Arquivar toda a documentación xerada no Servizo.
 - Atender as chamadas telefónicas.
 - Atención ao público en xeral.
 - Realizar traballos que requiran o uso de tecnoloxía: ordenador, fax, fotocopiadora.
 - Asistir ás actividades formativas convenientes para o desenvolvemento das súas funcións.
 - Manexar as aplicacións informáticas corporativas ou departamentais, que sexan implantadas no Servizo.
 - En xeral, as especificadas na lexislación vixente para os postos de auxiliar de admón. xeral.

FUNCIÓNS DOS POSTOS DE SERVIZOS SOCIAIS:

- TÉCNICO SERVIZOS SOCIAIS (GRUPO A):
 - Planificación estratéxica, tendo en conta as demandas sociais e as necesidades sociais emerxentes, así como os recursos comunitarios.
 - Delimitación de liñas estratéxicas de actuación: fixación prioridades, criterios e estratexias de carácter xeral.
 - Seguimento e avaliación de proxectos e programas de carácter xeral.
 - Inclusión de criterios de calidades nas actuacións que ha desenvolver a deputación.
 - Elaboración de orzamentos.
 - Representación en Comisións Técnicas (IMSERSO, FEMP, TAD, Vicepresidencia da Xunta de Galicia-Secretaría Xeral de Asuntos Sociais, etc.).
 - Comisións técnicas de adxudicación de servizos.
 - Estudos e propostas de formación.
 - Coordinación de elaboración de memorias.
 - Todas aquelas propias do posto que se vai desempeñar.
- TÉCNICO DE POLÍTICAS DE IGUALDADE E POLÍTICAS PÚBLICAS:
 - Promover, coordinar e avaliar medidas e programas de igualdade de oportunidades que ha desenvolver a deputación.
 - Colaborar cos distintos concellos da provincia en accións e programas que contribúan a conseguir a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

- Estudiar e propoñer medidas e actuacións ás distintas áreas organizativas da deputación, para propiciar a igualdade de oportunidades (maistraining de xénero).
- Seguimento e avaliación do convenio coas casas de acollida da provincia.
- Xestión de servizo de telealarma para mulleres maltratadas.
- Programas de emprego e xestión de programas e fondos europeos que procuren a igualdade de oportunidades.
- Representar á deputación nos distintos organismos nos que se teña presenza.
- Comisións técnicas de adxudicación de servizos.
- Estudos e propostas de formación.
- Coordinación de redacción de memorias, etc.
- TÉCNICO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (UNIDADE DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA):
 - Asesoramento en todo o relacionado coa política lingüística da deputación.
 - Seguimento do cumprimento da lexislación en materia lingüística por parte da institución e, polo tanto, velar para que se lle garantan os dereitos lingüísticos á cidadanía.
 - Colaborar coa administración para determinar os perfís lingüísticos necesarios en cada un dos postos de traballo e colaborar nas probas e procesos selectivos para que se avalíen convenientemente os coñecementos lingüísticos por parte dos aspirantes.
 - Fomentar o uso do galego no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia para a súa repercusión social.
 - Promover e coordinar redes de traballo para o fomento do uso do galego no ámbito municipal e asociativo. Xestión de subvencións e convenios de colaboración.
 - Planificar e propoñer programas dinamizadores e actividades concretas para concienciar ao persoal da deputación e/ou á sociedade respecto do uso da lingua galega.
 - Planificar, coordinar e colaborar no deseño de accións formativas, para garantir a presenza do galego e de contidos favorables á mellora das actitudes lingüísticas.
 - Difundir materiais que contribúan á tarefa normalizadora: dereitos lingüísticos, lexislación, recursos lingüísticos, etc.”

Como consecuencia das modificacións anteriores, o cadro de persoal e a Relación de Postos de Traballo ano 2007 queda tal e como figura de seguido:

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
CADRO DE PERSOAL 2007

PERSOAL FUNCIONARIO

DENOMINACIÓN-GRUPO-PRAZAS

FUNCIONARIOS DE HABILITACIÓN NACIONAL

Secretario xeral: A-1
Interventor xeral: A-1
Tesoureiro: A-1
Oficial Maior: A-1
Viceinterventor: A-1
Interventor adxunto: A-1
Viceteseureiro: A-1
Xefe Servizo Asistencia Económica: A-1

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL

SUBESCALAS

Técnica: A-21
Xestión: B-21
Administrativa: C-87
Auxiliar: D-126
Subalterna: E-23

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

SUBESCALA TÉCNICA

CLASE TÉCNICOS SUPERIORES

Letrado asesor xurídico: A-1
Letrado adxunto: A-1

Arquitecto: A-1
Enxeñeiro industrial: A-1
Enxeñeiro Vías e Obras: A-4
Arquiveiro Bibliotecario: A-1
Técnico de Organización: A-4
Xefe Servizo de Informática: A-1
Técnico Superior Informática: A-4
Técnico Superior Unión Europea: A-2
Analista: A-8
Técnico Normalización Lingüística: A-2
Técnico Políticas de Igualdade: A-1
Xefe Servizo Xestión Tributaria: A-1
Xefe Servizo Inspección Tributaria: A-1
Inspector de Tributos Locais: A-1
Profesor Secundaria R. Puga Ramón: A-36
Profesor Secundaria Calvo Sotelo: A-8
Xefe Serv. Asist. Técnica: A-1
Xornalista: A-1
Administrador do Contorno Informático: A-1
Técnico de Xestión Cultural: A-1
Recadador de Tributos Locais: A-2
Técnico Prevención Riscos Laborais: A-1
Médico Especialista Medicina Traballo/Diplomado Medicina Empresa: A-1
Técnico Biblioteca e Arquivo: A-1
Técnico Xestión Proxectos: A-2
Psicólogo: A-1
Director Fogar Infantil Emilio Romay: A-1
Técnico Servizos Sociais: A-1

CLASE TÉCNICOS DE GRAO MEDIO

Profesor Música-Pianista: B-5
Profesora de Danza: B-6
Arquitectos Técnicos: B-6
Enxeñeiros Técnicos Vías e Obras: B-5
Enxeñeiro Técnico Enxe. e Mantemento: B-1
Enxeñeiro Técnico Agrícola: B-1
Enxeñeiro Técnico Industrial: B-1
Analista Programador: B-2

Encargado Imprenta: B-1
Técnicos Servizos Sociais: B-3
Profesor Fogar Instituto R. Puga Ramón: B-1
Axudante arquivo e biblioteca: B-11
Enxeñeiros técnicos en topografía: B-2
Técnicos de xestión económico-financeira: B-20
Profesor E.F. Instituto Puga Ramón: B-1
Profesor E.C. Instituto Puga Ramón: B-1
Monitor: B-1
Analistas técnicos: B-3
Subinspector de Tributos Locais: B-2
Técnicos de Xestión Tributaria: B-27
Profesores Técnicos FP : B-16
Profesor de Apoio IES Puga Ramón: B-1
A.T.S./D.U.E. de Empresa: B-1
Asesor Sistemas Xestión Municipal: B-5
Técnico de Xestión Administración Especial: B-3
Educador Fogar Infantil Ferrol: B-2

CLASE TÉCNICOS AUXILIARES

Delineantes: C-6
Programador de sistemas: C-3
Técnico Explotación Nocturna: C-1
Programador de Aplicacións: C-8
Operador de Ordenador: C-3
Preparador de Traballos: C-1
Encargado de Protocolo: C-1
Monitor Técnico: C-2
Axentes Tributarios: C-3
Especialista en Educación Infantil: C-2
Educador H.I. Emilio Romay (quenda 24 horas): C-5
Educador/ Titor : C-6
Auxiliar Técnico Infraest. E Conservación: C-17

SUBESCALA DE SERVICIOS ESPECIAIS

PRAZAS DE COMETIDOS ESPECIAIS

Condutores Mecánicos: D-5
Auxiliar de Caixa: D-1
Auxiliares Gravadores: D-2
Auxiliar Educadora: D-25
Auxiliar Educador Nocturno: D-3
Auxiliar Repartidora B.O.: D-1
Subgobernanta: D-1
Telefonista: E-4
Celadoras: E-15
Celadora/Subalerno: E-2
Costureiras: E-2
Condutores Mecánicos: E-9

PERSOAL DE OFICIOS

Oficial Operario de Servizos: D-2
Oficiais Industriais Imprenta: D-4
Cociñeiros: D-5
Axudantes de Cociña: E-4
Camareiras: E-6
Operario de Servizo: E-1
Operario Sabón: E-2
Operaria de Servizos Varios: E-5

PERSOAL LABORAL

Recadador de Tributos Locais: 2
Oficiais Maiores: 5
Oficiais 1ª (R): 10
Oficiais 2ª (R): 23
Profesores de Ensino Secundario.: 1
Axudante de arquivo biblioteca: 1
Director Fogar Infantil Ferrol: 1
Técnico de son: 1
Operario Auxiliar Serv. Imprenta: 1
Operario Auxiliar Serv. Biblioteca: 1
Operario Auxiliar Serv. C. Danza: 1
Oficial operario de servizos: 3
A.T.S.: 1
Oficial mantemento: 1

Oficial carpintería: 1
Ordenanzas: 2
Subalternos: 6
Serenos: 1
Telefonistas: 2
Axudante de cociña: 4
Oper. serv. Varios: 8
Perruqueira: 1
Celadoras: 13
Encargadas de Portería: 2
Corrector de Imprenta: 2
Responsables Fotocomposición, Impresión e Deseño Gráfico: 3
Oficiais de Imprenta F.P. II: 7
Oficiais Industriais: 1
Auxiliar de Taller: 1
Impresor: 1
Gravadores de texto: 3
Gobernanta Pazo de Mariñán: 1
Cociñeira: 8
Camareira: 2
Oper. Agrícola: 3
Operario Agrícola Encargado: 1
Auxiliar Técnico en Topografía: 2
Mozo de Servizo: 3
Conductor: 1
Veladora "en extinción": 1

PERSOAL EVENTUAL

Asesores: 1
Técnicos: 6
Técnicos: 4
Administrativos: 9
Auxiliares: 17

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO PERSOAL FUNCIONARIO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. 2007													
POSTO DE TRABAJO	NIVEL	GRUPO	DOTACIÓN	C. ESPECÍFICO 2007	TP	FORMA PROVISIÓN	ADM	ESCALA	TITULACIÓN	FORMACIÓN ESPECÍFICA	OBSERVACIÓNS		
ASESORÍA XURÍDICA													
ASESOR XURÍDICO	28	A	1	26.038,89	S	C.		A.E.	Ldo. Dereito.		ESPECIAL DEDICACIÓN		
LETRADO ASESOR ADXUNTO	26	A	1	23.954,97	S	C.		A.E.	Ldo. Dereito.		ESPECIAL DEDICACIÓN		
ADMINISTRATIVO	19	C	1	5.825,49	N	C.		A.X.		3			
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	2	5.201,32	N	C.		A.X.		4			
BIBLIOTECA PROVINCIAL													
ARQUIVEIRO-BIBLIOTECARIO	24	A	1	14.152,52	S	C.		A.E.	Ldo.Xeog.H.-Documentación				
AXUDANTE ARQUIVO E BIBL.	21	B	10	7.152,55	N	C.		A.E.	Dip.Xeog.H.-ARQUIVO				
XEFE NEGOCIADO	22	B	1	8.868,67	N	C.		A.E.	Dip.Xeog.H.-ARQUIVO				
TÉCNICO BIBLIOTECA E ARQUIVO	22	A	1	7.974,13	N	C.		A.E.	Ldo. Xeog.H.- Biblioteconomía.				
ESPECIALISTA EDUC. INFANT.	19	C	2	5.825,49	N	C.		A.E.	Técnico Superior Educ.Infantil				
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	1	6.101,32	N	C.		A.X.		4			
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	7	5.201,32	N	C.		A.X.		4	(2 OCUPADAS AUX. LABORAIS)		
SUBALTERNO	13	E	2	4.783,75	N	C.		A.X.		5			
ACTAS, REXISTRO E INFORMACIÓN													
XEFE SECCIÓN	24	A/B	1	13.252,52	S	C.		AX/AE		1/2/9			
XEFE NEGOCIADO	22	B/C	1	8.868,67	N	C.		AX/AE		2/3/9			
ADMINISTRATIVO	19	C	3	5.825,49	N	C.		A.X.		3			
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	8	5.201,32	N	C.		A.X.		4			
TELEFONISTA	13	E	2	6.169,22	N	C.		A.E.		5			
I.E.S. CALVO SOTELO													
PROFESOR SECUNDARIA	24	A	8	5.774,17	S	C.		A.E.	Ldo. Sup. Espec. ou equiv. Efectos docencia		(1 OCUPADA FUNC. GRUPO B) - (***)		
PROFESOR TÉCNICO F.P.	24	B	16	5.774,17	S	C.		A.E.	Téc.Espec.FP 2 ou equiv.		(***)		

SERVICIOS XERAIS CENTRO EDUCATIVO CALVO SOTELO													
ADMINISTRATIVO	19	C	1	6.545,49	N	C.		A.X.			3		
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	1	5.921,32	N	C.		A.X.			4		
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	2	5.201,32	N	C.		A.X.			4		
SUBALTERNO	13	E	1	4.783,75	N	C.		A.X.			5		
CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE CALVO SOTELO													
COCIÑEIRO/A	15	D	1	6.938,40	N	C.		A.E.			4		
LIMPADOR/A	13	E	2	4.177,88	N	C.		A.E.			5		
AXUDANTE COCIÑA	13	E	1	6.109,49	N	C.		A.E.			5		
COSTUREIRO/A	13	E	2	4.173,47	N	C.		A.E.			5		
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA													
PROFESOR DANZA	21	B	2	8.052,55	N	C.		A.E.	Dip. Ballet Clásico				
PROFESOR DANZA	21	B	4	7.152,55	N	C.		A.E.	Dip. Ballet Clásico			(4 OCUPADAS PROF. LABORAIS)	
PROFESOR MUSICA-PIANISTA	21	B	5	7.152,55	N	C.		A.E.	Dip. Música ou equiv.				
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	1	5.921,32	N	C.		A.X.			4		
CONTABILIDADE													
XEFE SERVIZO	28	A	1	26.038,92	S	C.		A.X.			1		ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE SECCIÓN REC. MUNIC. E CONTA XERAL	24	A/B	1	13.252,52	S	C.		AX/AE			1/2/9		
XEFE SECC. CONTAB. E OPER.NON ORZAMENT.	24	A/B	1	13.252,52	S	C.		AX/AE			1/2/9		
XEFE NEGOC.CONT.FINANC. E ORZAMENT.	22	B/C	1	8.868,67	N	C.		AX/AE			2/3/9		
XEFE NEGOC.REC.MUNIC. E CONTA XERAL	22	B/C	1	8.868,67	N	C.		AX/AE			2/3/9		
XEFE NEGOC.CONT.ANAL. E PATRIMONIAL.	22	B/C	1	8.868,67	N	C.		AX/AE			2/3/9		
XEFE NEGOCIADO FACTURAS	22	B/C	1	8.868,67	N	C.		AX/AE			2/3/9		
TECNICO XESTIÓN ECON.- FINANCEIRA	21	B	1	7.152,55	N	C.		A.E.			2		
ADMINISTRATIVO	19	C	1	5.825,49	N	C.		A.X.			3		
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	6	5.201,32	N	C.		A.X.			4		
ENXEÑERÍA E MANTEMENTO													

XEFE DE SERVIZO ENXEÑERÍA E MANTENIMENTO	28	A	1	26.038,92	S	C.	A.E.	Ingeniero Industrial.		ESPECIAL DEDICACIÓN
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	1	5.201,32	N	C.	A.X.		4	
OFICIAL OPERARIO SERVIZOS	16	D	2	7.332,47	N	C.	A.E.		4	
OPERARIO/A OFICIOS VARIOS	13	E	1	4.177,88	N	C.	A.E.		5	
ENXEÑEIRO TÉCNICO	21	B	1	7.152,55	N	C.	A.E.			
ESTRUTURA E ÓRGANOS DE GOBERNO										
ASESOR	28	A	1	35.196,67	E	EVENT				ESPECIAL DEDICACIÓN
TÉCNICO	26	A	2	23.954,97	E	EVENT				ESPECIAL DEDICACIÓN
TÉCNICO	24	A	4	20.841,75	E	EVENT				ESPECIAL DEDICACIÓN
TÉCNICO	21	B	4	14.800,33	E	EVENT				ESPECIAL DEDICACIÓN
ADMINISTRATIVO	19	C	9	11.942,33	E	EVENT				ESPECIAL DEDICACIÓN
AUXILIAR	16	D	10	10.268,57	E	EVENT				ESPECIAL DEDICACIÓN
AUXILIAR	16	D	7	5.201,32	E	EVENT				
FISCALIZACIÓN										
XEFE SERVIZO	28	A	1	26.038,92	S	C	A.X.		1	ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE SECCIÓN 1	24	A/B	1	13.252,52	S	C.	AX/AE		1/2/9	
XEFE SECCIÓN 2	24	A/B	1	13.252,52	S	C.	AX/AE		1/2/9	
XEFE NEGOCIADO (RECURSOS PROPIOS)	22	B/C	1	8.868,67	N	C.	AX/AE		2/3/9	
XEFE NEGOCIADO F. PERSOAL	22	B/C	1	8.868,67	N	C.	AX/AE		2/3/9	
XEFE NEGOCIADO F. PLANS	22	B/C	1	8.868,67	N	C.	AX/AE		2/3/9	
XEFE NEGOCIADO I (REC. OUTROS ENTES PÚB.)	22	B/C	1	8.868,67	N	C.	AX/AE		2/3/9	
XEFE NEGOCIADO F. SUBVEN.	22	B/C	1	8.868,67	N	C.	AX/AE		2/3/9	
XEFE NEGOCIADO F. CONVEN.	22	B/C	1	8.868,67	N	C.	AX/AE		2/3/9	
TÉCNICO XESTIÓN ECON.-FINANCEIRA	21	B	1	7.152,55	N	C.	A.E.		2	
TÉCNICO XESTIÓN TRIBUTARIA	21	B	1	7.152,55	N	C.	A.E.		2	
TÉCNICO XESTIÓN ADMÓN. XERAL	21	B	2	7.152,55	N	C	A.X.		9	
ADMINISTRATIVO	19	C	9	5.825,49	N	C.	A.X.		3	
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	11	5.201,32	N	C.	A.X.		4	
FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY										
DIRECTOR/A	22	A	1	18.370,28	N	C.	A.E.	Lic. Psicología, Pedagogía, Psicopedagogía		ESPECIAL DEDICACIÓN

PSICÓLOGO/A	22	A	1	4.066,41	N	C.		A.E.	Lic. Psicología		1/2 XORNADA		
EDUCADOR/A	9	C	5	9.486,20	N	C.		A.E.	Técnico Superior Educ.Infantil		QUENDAS DE 24 HORAS		
EDUCADOR/A TITOR/A	19	C	4	5.825,49	N	C.		A.E.	Técnico Superior Educ.Infantil				
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	1	6.101,32	N	C.		A.X.		4			
COCINEIRO/A	15	D/E	3	6.938,45	N	C.		A.E.		4		(2 ocupadas funcionarios grupo E)	
AUXILIAR EDUCADOR/A	13	D	15	5.502,50	N	C.		A.E.		4			
CELADOR/A	13	E	15	5.502,50	N	C.		A.E.		5		15 EN EXTINCIÓN (A TRANSFORMAR EN AUXILIAR EDUCADOR/A)	
TELEFONISTA	13	E	2	6.169,22	N	C.		A.E.		5			
OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS	13	E	3	4.173,47	N	C.		A.E.		5			
AXUDANTE COCIÑA	13	E	1	6.109,49	N	C.		A.E.		5			
AUXILIAR EDUCADOR/A NOCTURNO	13	D	3	8.078,58	N	C.		A.E.		4		(3 OCUPADAS POR VELADOR/A)	
FOMENTO E SERVIZOS PROVINCIAIS													
XEFE SERVIZO	28	A	1	26.038,92	S	C.		A.X.		1		ESPECIAL DEDICACIÓN	
XEFE SECCIÓN SERVICIOS SOCIAIS	24	A/B	1	14.152,52	S	C.		AX/AE		1/2/9			
XEFE SECCIÓN PROMOCIÓN ECONÓMICA	24	A/B	1	13.252,52	S	C.		AX/AE		1/2/9			
XEFE SECCIÓN EDUC., CULTURA E DEPORTES	24	A/B	1	13.252,52	S	C.		AX/AE		1/2/9			
TÉCNICO XESTIÓN CULTURAL	24	A	1	20.841,70	S	C.		A.E.	Lic.área C.Humanas		ESPECIAL DEDICACIÓN		
TÉCNICO NORMALIZ. LINGÜÍST.	22	A	2	7.974,13	N	C.		A.E.	Ldo. Fil.H.-Galego				
TÉCNICO POLÍTICAS IGUALD.E POL. PÚBL.	22	A	1	7.974,13	N	C.		A.E.	Lic. Sociología, Psicología, Dereito, Ciencias da Admón.				
TÉCNICO SERV. SOCIAIS	22	A	1	11.060,60	N	C.		A.E.	Lic. Socioloxía, Dereito, Ciencias da Admón.				
XEFE NEGOCIADO DEPORTES	22	B/C	1	8.868,67	N	C.		AX/AE		2/3/9			
XEFE NEGOCIADO PROMOCIÓN ECONÓMICA	22	B/C	1	8.868,67	N	C.		AX/AE		2/3/9			
XEFE NEGOCIADO SERVICIOS SOCIAIS	22	B/C	1	8.868,67	N	C.		AX/AE		2/3/9			
XEFE NEGOCIADO CULTURA	22	B/C	1	8.868,67	N	C.		AX/AE		2/3/9			
TÉCNICO SERV. SOCIAIS	22	B	3	11.060,60	N	C.		A.E.	Dip.Trabajo Social				
TÉCNICO XEST. ADM. XERAL	21	B	1	7.153,38	N	C.		A.X.		9			
ADMINISTRATIVO	19	C	8	5.825,49	N	C.		A.X.		3			
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	10	5.201,32	N	C.		A.X.		4			

PLANIFICACIÓN, DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL EUNIÓN EUROPEA												
XEFE SERV IZO	28	A	1	26.038,92	S	C.		AX/AE		1/6/7		ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE SECCIÓN U.E. E AC.EXT.	24	A/B	1	13.252,52	S	C.		AX/AE		1/2/6/7/9		
TÉCNICO XESTIÓN PROXECTOS	22	A	2	7.974,13	N	C.		A.E.		1/6/7		
TÉCNICO SUPERIOR UNIÓN EUROPEA	22	A	2	7.974,13	N	C.		A.E.		1/7		
XEFE NEGOCIADO	22	B/C	1	8.868,67	N	C.		AX/AE		2/3/9		
ADMINISTRATIVO	19	C	2	5.825,49	N	C.		A.X.		3		
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	1	5.201,32	N	C.		A.X.		4		
IMPRESA PROVINCIAL: BOLETÍN OFICIAL												
ENCARGADO IMPRESA	21	B	1	17.075,54	N	C.		A.E.		2		ESPECIAL DEDICACIÓN
OFICIAL INDUSTRIAL	16	D	4	7.339,70	N	C.		A.E.		4		
ADMINISTRATIVO	19	C	1	5.825,49	N	C.		A.X.		3		
INSPECCIÓN TRIBUTARIA												
XEFE SERV IZO	28	A	1	26.038,92	S	C.		A.E.		1		ESPECIAL DEDICACIÓN
INSPECTOR TRIBUTOS LOCAIS	26	A	1	23.955,00	S	C.		A.E.		1		ESPECIAL DEDICACIÓN
SUBINSPECTOR TRIBUTOS LOCAIS	24	B	2	10.188,67	S	C.		A.E.		2		
TÉCNICO XESTIÓN TRIBUTARIA	21	B	2	7.152,54	N	C.		A.E.		2		
AXENTE TRIBUTARIO	21	C	3	7.473,07	N	C.		A.E.		3		
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	3	5.201,32	N	C.		A.X.		4		
ADMINISTRATIVO	19	C	1	5.825,49	N	C.		A.X.		3		
I.E.S. RAFAEL PUGA RAMÓN												
PROFESOR ENSINO SECUNDARIO	24	A	2	6.674,17	S	C.		A.E.	Ldo. Sup. Espec. Ou equiv. efectos docencia		(***)	
PROFESOR ENSINO SECUNDARIO	24	A	34	5.774,17	S	C.		A.E.	Ldo. Sup. Espec. o uequiv. efectos docencia		(***)	
PROFESOR DE APOIO	21	B	1	7.152,55	N	C.		A.E.	Diplomado			
PROFESOR EDUCACIÓN FÍSICA	24	B	2	5.774,17	S	C.		A.E.	Ldo. Sup. Espec. ou equiv. efectos docencia		(***)	
PROFESOR FOGAR	24	B	1	5.774,17	S	C.		A.E.	Diplom. Espec.		(***)	
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	2	5.921,32	N	C.		A.X.		4		
SUBALTERNO / CELADOR/A	13	E	2	5.502,50	N	C.		A.E.		5		
SUBALTERNO	13	E	1	4.783,75	N	C.		A.X.		5		
INTERVENCIÓN XERAL												
INTERVENTOR XERAL	30	A	1	39.745,37	S	L.D.		H.N.				Hab. Nac. ESP. DEDICACIÓN

VICEINTERVENTOR	30	A	1	35.196,67	S	L.D.	H.N.			Hab. Nac. ESP. DEDICACIÓN		
INTERVENTOR ADXUNTO	30	A	1	35.196,67	S	L.D.	H.N.			Hab. Nac. ESP. DEDICACIÓN		
SECRETARÍA	22	B/C	1	8.868,67	N	L.D.	A.X.		2/3/9			
SECRETARÍA	19	C/D	1	5.825,49	N	L.D.	A.X.		3			
ORZAMENTOS E ESTUDIOS ECONÓMICOS												
XEFE SECCIÓN	24	A/B	1	13.252,52	S	C.	AX/AE		1/2/9			
XEFE NEGOCIADO	22	B/C	1	8.868,67	N	C.	AX/AE		2/3/9			
ADMINISTRATIVO	19	C	2	5.825,49	N	C.	A.X.		3			
TÉCNICO XEST. ADM. ESPECIAL	21	B	1	7.152,54	S	C.	A.E.		9			
PARQUE MÓBIL												
XEFE PARQUE MÓBIL	18	D	1	14.911,65	N	C.	A.E.		4		ESPECIAL DEDICACIÓN	
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	1	10.988,57	N	C.	A.X.		4		ESPECIAL DEDICACIÓN	
SUBXEFE PARQUE MÓBIL	16	D/E	1	10.646,33	N	C.	A.E.		4		ESPECIAL DEDICACIÓN	
CONDUCTOR PRESIDENCIA	15	D	2	19.389,52	N	C.	A.E.		4		ESPECIAL DEDICACIÓN	
CONDUCTOR	15	D/E	10	11.304,03	N	C.	A.E.		4		ESP. DED. (9 ocupadas func. grupo E)	
PATRIMONIO E CONTRATACIÓN												
XEFE SERVIZO	28	A	1	26.938,92	S	C.	A.X.		1		ESPECIAL DEDICACIÓN	
XEFE SECCIÓN	24	A/B	1	13.252,52	S	C.	AX/AE		1/2/9			
XEFE NEGOCIADO OBRAS	22	B/C	1	8.868,67	N	C.	AX/AE		2/3/9			
XEFE NEGOCIADO PATRIMONIO E EXPROPIAC.	22	B/C	1	8.868,67	N	C.	AX/AE		2/3/9			
XEFE NEGOCIADO CONTRATOS ESPEC., CONV.	22	B/C	1	8.868,67	N	C.	AX/AE		2/3/9			
XEFE NEGOCIADO SUBMINISTRACIÓN	22	B/C	1	9.768,67	N	C.	AX/AE		2/3/9			
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA	22	B	1	9.044,43	N	C.	A.E.	IngenieroTéc.Agríc.				
TÉCNICO XESTIÓN ADMÓN. XERAL	21	B	1	7.152,54	N	C.	A.X.		9			
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C	5	5.825,49	N	C.	A.X.		3			
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	1	5.921,32	N	C.	A.X.		4			
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	10	5.201,32	N	C.	A.X.		4			
PAZO DE MARIÑÁN												
SUBGOVERNANTA	16	D	1	5.934,93	N	C.	A.E.		4		RESIDENCIA CULTURAL	

COCIÑEIRO/A	15	D	1	6.938,40	N	C.		A.E.		4		RESIDENCIA CULTURAL		
AXUDANTE DE COCINA	13	E	2	6.109,49	N	C.		A.E.		5		RESIDENCIA CULTURAL		
CAMAREIRO/A	13	E	6	6.109,49	N	C.		A.E.		5		RESIDENCIA CULTURAL		
SECRETARÍA PARTICULAR DE PRESIDENCIA E RELACIONES PÚBLICAS														
PERIODISTA	24	A	1	20.841,75	S	C.		A.E.	Ldo.CC.Inf.-Periodismo			ESPECIAL DEDICACIÓN		
XEFE NEGOCIADO	22	B/C	1	8.868,67	N	C.		AX/AE		2/3/9				
ENCARGADO PROTOCOLO	21	C	1	20.115,47	N	C.		A.E.		3		ESPECIAL DEDICACIÓN		
AUXILIAR ADMÓN. XERAL PRESIDENCIA	18	D	1	11.081,70	N	C.		A.X.		4		ESPECIAL DEDICACIÓN		
SECRETARIO/A VICEPRESIDENCIA	17	D	1	5.489,08	N	L.D.		A.X.		4				
ADMINISTRATIVO	19	C	2	5.825,49	N	C.		A.X.		3				
SECRETARIA PRENSA	19	C	1	10.268,57	N	L.D.		A.X.		3		ESPECIAL DEDICACIÓN		
SECRETARÍA XERAL														
OFICIAL MAIOR	30	A	1	35.196,67	S	L.D.		H.N.				Hab. Nac. ESP. DEDICACIÓN		
SECRETARIO XERAL	30	A	1	39.745,37	S	L.D.		H.N.				Hab. Nac. ESP. DEDICACIÓN		
SECRETARIO/A DE SECRETARÍA XERAL	22	B/C	1	8.868,67	N	L.D.		A.X.		2/3/9				
SECRETARIO/A DE OFICIALÍA MAIOR	19	C/D	1	5.825,49	N	L.D.		A.X.		3				
SERVIZO DE ASISTENCIA A MUNICIPIOS														
XEFE SERV IZO ASISTENCIA ECONÓMICA	28	A	1	35.196,67	S	C.		H.N.				Hab. Nac. ESP. DEDICACIÓN		
XEFE SERV IZO ASISTENCIA TÉCNICA	28	A	1	26.038,92	S	C.		A.E.				ESPECIAL DEDICACIÓN		
XEFE SECCIÓN INFORMES	24	A/B	1	13.252,52	S	C.		AX/AE		1/2/9				
ARQUITECTO TÉCNICO	22	B	1	9.044,43	N	C.		A.E.	Arquitecto Técnico					
TÉCNICO XEST. ADM. ESPECIAL	21	B	2	7.152,54	S	C.		A.E.		9				
DELINEANTE	19	C	1	5.825,54	N	C.		A.E.	Delineante					
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	2	5.201,32	N	C.		A.X.		4				
SERVIZO DE INFORMÁTICA														
XEFE SERV IZO	28	A	1	26.038,92	S	L.D.	A-3	AX/AE	Ing. Super. Lic. Sup. Inform., Lic. Sup. CC. Físicas			ESPECIAL DEDICACIÓN		
XEFE SECCIÓN INFORMÁTICA DISTRIBUÍDA	24	A	1	13.252,52	S	C.		A.E.	Ldo.Sup.-Inform.					
XEFE SECCIÓN TÉCNICA DE	24	A	1	13.252,52	S	C.		A.E.	Ldo.Sup.-Inform.					

XEFE NEGOCIADO CONTABILIDADE	22	B/C	1	8.868,67	N	C.		AX/AE		2/3/9			
XEFE NEGOC. RECURSOS	22	B/C	1	8.868,67	N	C.		AX/AE		2/3/9			
XEFE NEGOCIADO	22	B/C	2	9.588,67	N	C.		AX/AE		2/3/9		(1 OCUPADO ADMINIST. LABORAL)	
XEFE NEGOCIADO XESTIÓN RECADATORIA	22	B/C	1	9.588,67	N	C.		AX/AE		2/3/9			
TÉCNICO XEST. ADM. XERAL ADMINISTRATIVO	21	B	1	7.152,55	N	C.		A.X.		9			
ADMINISTRATIVO	19	C	3	5.825,49	N	C.		A.X.		3			
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	1	5.921,32	N	C.		A.X.		4			
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	8	5.201,32	N	C.	A3-4	A.X.		4			
TÉCNICO XESTIÓN TRIBUTARIA	21	B	6	7.152,55	N	C.		A.E.		2			
SERVIZOS INTERNOS													
SUBXEFE SERVICIOS INTERNOS	14	D/E	1	5.159,54	N	C.		A.X.		5			
XEFE SERVICIOS INTERNOS	14	D/E	1	14.007,48	N	C.		A.X.		4		ESPECIAL DEDICACIÓN	
SUBALTERNO	13	E	17	4.783,75	N	C.	A3-1	A.X.		5			
SERVIZO DE ARQUITECTURA													
XEFE DE SERVICIO ARQUITECTURA	28	A	1	26.038,92	S	C.		A.E.	Arquitecto.			ESPECIAL DEDICACIÓN	
XEFE SECCIÓN	24	B	1	13.252,52	S	C.		A.E.	Arquitecto Técnico				
ARQUITECTO TÉCNICO	22	B	4	9.044,43	N	C.		A.E.	Arquitecto Técnico				
DELINEANTE	19	C	3	5.825,54	N	C.		A.E.	FP-2.Delin.o hom.				
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	2	5.201,32	N	C.		A.X.		4			
ADMINISTRATIVO	19	C	1	5.825,54	N	C.		A.X.		3			
SERVIZOS TÉCNICOS DE VÍAS E OBRAS (EN EXTINCIÓN)													
XEFE SERVICIO	28	A	1	26.038,92	S	C.		A.E.	Enxeñeiro Camiños			ESPEC. DEDICACIÓN (EN EXTINCIÓN)	
SERVIZOS TÉCNICOS DE INFRAESTRUTURAS E CONSERVACIÓN													
XEFE SERVICIO	28	A	1	26.038,92	S	L.D.		A.E.	ENXEÑEIRO CAMIÑOS			ESPECIAL DEDICACIÓN	
ENXEÑEIRO CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS	24	A	2	24.371,85	S	C.		A.E.	ENXEÑEIRO Camiños			ESPECIAL DEDICACIÓN	
ENXEÑEIRO TÉCNICO VÍAS E OBRAS	24	B	5	23.664,69	S	C.		A.E.	Enxeñ.Téc.O.P.			ESPECIAL DEDICACIÓN	
ENXEÑEIRO TÉCNICO INDUSTRIAL	24	B	1	23.664,69	N	C.		A.E.	ENXEÑEIRO Técnico Industrial			ESPECIAL DEDICACIÓN	

XEFE NEGOCIADO PLANIFIC.	22	B/C	1	8.868,67	N	C.		AX/AE		2/3/9			
XEFE DE NEGOCIADO	22	B/C	1	8.868,67	N	C.		AX/AE		2/3/9			
XEFE DE NEGOCIADO	22	B/C	1	8.868,67	N	C.		AX/AE		2/3/9			
TÉCNICO XEST. ADM. GENERAL	21	B	1	7.152,54	N	C.		A.X.		9			
ADMINISTRATIVO	19	C	6	5.825,49	N	C.		A.X.		3			
XEFE GRUPO	19	C/D	1	5.825,49	N	C.		A.X.		3			
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	1	5.921,32	N	C.		A.X.		4			
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	7	5.201,32	N	C.	A3-1	A.X.		4			
TÉCNICO PREVENCIÓN RISCOS LABORAIS	24	A	1	26.038,92	S	C.		A.E.	Ldo.Sup.		2 Esp.Anexo VI RD 39/97	ESPECIAL DEDICACIÓN	
MÉDICO ESPEC. MEDIC.TRABALLO- DIP.L.MED.EMP.	22	A	1	7.974,19	S	C.		A.E.	Ldo. Medicina-Ciruxía		Esp.Med.TRABALLO-Dipl.Med.EMP.		
ATS/DUE DE EMPRESA	21	B	1	7.152,55	S	C.		A.E.	ATS/DUE		ATS/DUE Empresa		
SERVIZO DE PLANS DE OBRAS E SERVIZOS													
XEFE SERVIZO	28	A	1	26.038,92	S	C.		A.X.		1		ESPECIAL DEDICACIÓN	
XEFE SECCIÓN PLANS PROVINCIAIS	24	A/B	1	13.252,52	S	C.		AX/AE		1/2/9			
XEFE SECCIÓN PLANS ESPECIALS	24	A/B	1	13.252,52	S	C.		AX/AE		1/2/9			
XEFE NEGOCIADO PLANS PROVINCIAIS	22	B/C	1	8.868,67	N	C.		AX/AE		2/3/9			
XEFE NEGOCIADO PLANS ESPECIALS	22	B/C	1	8.868,67	N	C.		AX/AE		2/3/9			
ADMINISTRATIVO	19	C	5	5.825,49	N	C.		A.X.		3			
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	2	5.201,32	N	C.		A.X.		4			
XESTIÓN TRIBUTARIA													
XEFE SERVIZO	28	A	1	26.038,92	S	C.		A.E.		1		ESPECIAL DEDICACIÓN	
XEFE SECCIÓN IV	24	A/B	1	13.252,52	S	C.		AX/AE		1/2/9			
XEFE SECCIÓN III	24	A/B	1	13.252,52	S	C.		AX/AE		1/2/9			
XEFE SECCIÓN II	24	A/B	1	13.252,52	S	C.		AX/AE		1/2/9			
XEFE SECCIÓN I	24	A/B	1	13.252,52	S	C.		AX/AE		1/2/9			
XEFE DE NEGOCIADO	22	B/C	3	8.868,67	N	C.		AX/AE		2/3/9			
TÉCNICO XESTIÓN TRIBUTARIA	21	B	10	7.152,54	N	C.		A.E.		2			
TÉCNICO XEST. ECON-FINAN.	21	B	1	7.152,54	N	C.		A.E.		2			
ADMINISTRATIVO	19	C	9	5.825,49	N	C.		A.X.		3			
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	14	5.201,32	N	C.		A.X.		4			

AUXILIAR REPARTIDOR BOLETÍN OFICIAL	16	D	1	5.201,32	N	C.		A.E.	4				
FOGAR INFANTIL FERROL													
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	D	1	5.921,32	N	C.		A.X.	4		(1 OCUPADA AUXILIAR ADM. LAB.)		
EDUCADOR	19	C	2	5.825,49	N	C.		A.E.		Técnico Superior Educ. Infantil			
EDUCADOR	21	B	2	7.152,55	N	C.		A.E.		Dipl. Educ. Social, Pedagogía, Profesor Educ. Primaria			
AUXILIAR EDUCADOR/A	13	D	10	5.502,50	N	C.		A.E.	4		(10 OCUPADAS POR CELADOR/A LAB.)		
TITULACIÓN:													
1 = LICENCIADO EN DEREITO, ECONÓMICAS, POLÍTICAS OU EMPRESARIAIS, INTENDENTE MERCANTIL OU ACTUARIO.													
2 = DIPLOMADO EN DEREITO, ECONÓMICAS OU EMPRESARIAIS, RELACIÓNS LABORAIS OU GRADUADO SOCIAL.													
3 = BACHAREL, FORMACIÓN PROFESIONAL DE 2º GRAO OU EQUIVALENTE.													
4 = GRADUADO ESCOLAR, FORMACIÓN PROFESIONAL DE 1º GRAO OU EQUIVALENTE.													
5 = CERTIFICADO ESCOLARIDADE.													
6 = ENXEÑEIRO INDUSTRIAL, LICENCIADO OU ENXEÑEIRO EN INFORMÁTICA, ENXEÑEIRO DE TELECOMUNICACIÓN, LICENCIADO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS, PSICOLOXÍA, PSICOPEDAGOXÍA, PEDAGOXÍA, PERIODISMO, PUBLICIDADE E RELACIÓNS PÚBLICAS, FÍSICA, MATEMÁTICAS OU QUÍMICA.													
7 = SOCIOLOXÍA, FILOLOXÍA INGLESA, ALEMÁ, ITALIANA OU FRANCESA, HISTORIA, PERIODISMO, DOCUMENTACIÓN, BIOLOXÍA.													
8 = DIPLOMADO EN DEREITO, ECONÓMICAS, EMPRESARIAIS, POLÍTICAS, INTENDENTE MERCANTIL OU ACTUARIO.													
9 = DIPLOMADO UNIVERSITARIO.													
A3 = ADMÓN. DO ESTADO, DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS E LOCAL (ART. 101 LEI 7/1985. ÚNICOS POSTOS A CUBRIR CON FUNCIONARIOS DAS ADMINISTRACIÓNS EXPRESADAS).													
(***) COMPLEMENTO ESPECÍFICO PROVISIONAL, A RESULTAS DO QUE FIXE A COMUNIDADE AUTÓNOMA PARA OS SEUS FUNCIONARIOS DOCENTES, QUE SE ENTENDERÁ APLICABLE AUTOMÁTICAMENTE, UNHA VEZ APROBADO POLA NORMA LEGAL CORRESPONDENTE.													

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO PERSOAL LABORAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. 2007

POSTO DE TRABAJO	GRUPO CONVENIO	DOTACIÓN	TOTAL RETRIBUCIÓNS 2007	FORMA PROVISIÓN	CONVENIO COLECTIVO	TITULACIÓN	FORMACIÓN ESPECÍFICA	OBSERVACIÓNS
BIBLIOTECA PROVINCIAL								
AXUDANTE ARQUIVO-BIBLIOTECA	II.4	1	24.295,62	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	2		
SUBALTERNO	V.8	6	16.130,77	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	5		
OPERARIO/A AUX. SERVIZOS BIBLIOTECA	IV.6	1	18.065,53	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	4		
CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE CALVO SOTELO								
COCIÑEIRO/A	IV.5	2	19.621,20	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	4		
OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS	V.10	2	15.524,90	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	5		
AXUDANTE COCIÑA	V.6	2	17.456,56	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	5		
SERVIZOS XERAIS CENTRO EDUCATIVO CALVO SOTELO								
A.T.S.	II.3	1	27.059,49	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	2		
SERENO	V.4	1	17.543,75	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	5		
TELEFONISTA	V.5	2	17.541,76	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	5		
ORDENANZA	V.8	2	16.130,77	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	5		
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA								
OPERARIO/A AUX. SERVIZOS CONSERV. DANZA	IV.6	1	18.201,48	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	4		

ENXEÑERÍA E MANTEMENTO							
TÉCNICO DE SON	IV.3	1	20.268,94	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	4	
OFICIAL OPERARIO/A SERVIZOS	IV.3	3	20.268,94	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	4	
OFICIAL CARPINTERÍA	IV.4	1	19.694,21	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	4	
OFICIAL MANTEMENTO	IV.4	1	19.694,21	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	4	
MOZO/A SERVIZO AXUDANTE/A	V.2	3	17.717,05	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	5	
FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY							
PERRUQUEIRO/A	IV.6	1	7.226,22	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	4	15 HORAS
COCIÑEIRO/A	IV.5	1	19.621,20	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	5	
AXUDANTE COCIÑA	V.6	1	17.456,56	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	5	
CELADOR/A	V.7	10	16.849,49	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	5	(A TRANSFORMAR EN AUXILIAR EDUCADOR/A)
OPERARIO/A	V.10	2	15.547,92	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	5	
FOGAR INFANTIL FERROL							
DIRECTOR/A	I.3	1	41.149,95	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	1	ESPECIAL DEDICACIÓN
COCIÑEIRO/A	IV.5	4	19.621,20	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	4	
OPERARIO/A	V.10	4	15.547,92	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	5	
ENCARGADO/A PORTERÍA	V.3	2	17.808,58	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	5	
VELADOR/A	V.3	1	17.808,58	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	5	EN EXTINCIÓN
CELADOR/A	V.7	3	16.849,49	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	5	(A TRANSFORMAR EN AUXILIAR EDUCADOR/A)
IMPRENTA PROVINCIAL: BOLETÍN OFICIAL							
RESPONSABLE FOTOCOMPOSICIÓN	III.1	1	25.924,95	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	3	
RESPONSABLE FOTORREPRODUCCIÓN -IMPRESIÓN MANIPULADO	III.1	1	25.924,95	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	3	
RESPONSABLE EDICIÓN E DISEÑO GRÁFICO	III.1	1	25.924,95	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	3	

OFICIAL IMPRENTA F.P.	III.3	7	21.573,96	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	3		
CORRECTOR F.P. II	III.3	2	21.573,96	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	3		
GRAVADOR TEXTO	IV.2	3	21.437,93	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	4		
IMPRESOR	IV.2	1	21.437,93	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	4		
OFICIAL INDUSTRIAL	IV.2	1	21.437,93	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	4		
OPERARIO AUX. SERVICIOS IMPRENTA	IV.6	1	18.201,48	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	4		
AUXILIAR TALLER	V.7	1	16.826,47	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	5		
INSTITUTO B. RAFAEL PUGA RAMÓN								
PROFESOR ENSINO SECUNDARIO	I.2	1	28.419,80	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA		LIC. SUP. ESPEC.	
PARQUE MÓBIL								
CONDUCTOR	IV.1	1	23.285,00	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	4		
PAZO DE MARIÑÁN								
GOBERNANTA	III.1	1	23.946,29	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	3		RESIDENCIA CULTURAL
COCIÑEIRO/A	IV.5	1	19.621,20	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	4		RESIDENCIA CULTURAL
CAMAREIRO/A	V.6	2	17.456,56	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	5		RESIDENCIA CULTURAL
AXUDANTE COCIÑA	V.6	1	17.456,56	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	5		RESIDENCIA CULTURAL
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN								
OPERARIO AGRÍCOLA	V.6	1	17.456,56	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	5		EXPLOTACIÓN AGRÍCOLA. EN EXTINCIÓN
OPERARIO AGRÍCOLA	V.9	3	16.004,25	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	5		EXPLOTACIÓN AGRÍCOLA. EN EXTINCIÓN
SERVIZO PROVINCIAL DE RECADACIÓN								
RECADADOR	I.1	2	34.675,45	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	1		
OFICIAL MAIOR RECADACIÓN	III.1	5	23.946,29					

OFICIAL 1ª RECADACIÓN	III.3	10	21.573,96	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	3		
OFICIAL 2ª RECADACIÓN	III.4	23	20.667,83	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	3		
SERVIZOS TÉCNICOS DE VÍAS E OBRAS								
AUXILIAR TÉCNICO TOPOGRAFÍA	IV.6	2	23.662,97	CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	4		ESPECIAL DEDICACIÓN
TITULACIÓN:								
1 = LICENCIADO UNIVERSITARIO.								
2 = DIPLOMADO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE.								
3 = BACHAREL, FORMACIÓN PROFESIONAL DE 2º GRAO OU EQUIVALENTE.								
4 = GRADUADO ESCOLAR, FORMACIÓN PROFESIONAL DE 1º GRAO OU EQUIVALENTE.								
5 = CERTIFICADO ESCOLARIDADE.								

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

Sr. Presidente

Hai dúas mocións por urxencia, que primeiro temos que aprobar a súa urxencia, dúas mocións e dous rogos. Imos primeiro, se lles parece coas mocións, e despois cos rogos.

Sra. Farjas Abadía

Bos días, grazas, Sr. Presidente, deputados e deputadas, traemos hoxe unha moción relativa á grave situación da ría do Burgo, e comezarei defendendo, porque cremos que é o momento, é un tema importante e grave, é o momento oportuno, posto que é cando se están a negociar e presentando todos os proxectos de orzamentos, tanto da nación, do Estado da nación, como da Comunidade Autónoma, deputación e concellos, creo que é o momento de resaltar, sería unha oportunidade para resaltar o compromiso desta deputación polos temas de xestión ambiental, non en van leva tempo financiando distintos mestrados neste tema, e ademais é unha responsabilidade como Administración local, e unha responsabilidade política da deputación, defender aqueles temas que afectan e que teñen importancia para a área metropolitana e, por ende, para a provincia da Coruña. Así sabemos que os últimos meses os cidadáns da área metropolitana estamos a asistir á demostración do grave estrago ambiental da ría do Burgo, á destrución da capacidade produtiva das súas zonas de produción e parques de marisqueo e á deixación e inacción dos organismos autonómicos e municipais responsábeis do control de vertidos e a depuración de augas residuais, xunto á falta de apoio orzamentario do Estado ao proxecto de desenvolvemento da depuradora e emisario de Bens.

A presenza de vertidos na ría de O Burgo está a ser unha constante nestes meses de agosto e setembro, así de forma reiterada son noticia nos medios de comunicación coruñeses a denuncia ou evidencia de vertidos ilegais na ría do Burgo procedentes de vivendas familiares, áreas residenciais, cuxa construción foi autorizada sen as garantías de tratamento das augas que xeran, de industrias non autorizadas, ou cuxa autorización por parte dos concellos da Coruña, Oleiros, Culleredo e Cambre non tivo a dilixencia suficiente para esixir os medios de tratamento e os seus residuos, así como a ausencia de plans de inspección e control das autoridades municipais e autonómicas.

A falta de mantemento e vixilancia do funcionamento das plantas depuradoras de pretratamento dos municipios que verten as súas augas á ría construídas grazas ao plan da Xunta de Galicia de 2001, así como a insuficiencia das bombas en funcionamento, dado o incremento non controlado de augas residuais procedentes das novas vivendas e urbanizacións nestes concellos, está a provocar un aumento de vertidos incontrolados na ría. A consecuencia directa desta falta de control foi o empeoramento da calidade das augas nas zonas de produción marisqueira, declarada

como zona C pola Consellería de Pesca da Xunta de Galicia, e cuxa consecuencia inmediata, de acordo ás esixencias sanitarias da Unión Europea, é a imposibilidade de destinar a produción marisqueira á produción e venda en fresco, coa diminución drástica dos prezos destes produtos, cuxo único destino posíbel son as industrias conserveiras.

A Confraría de Pescadores da Coruña que traballaban na ría do Burgo, e os titulares dos parques de marisqueo, veñen denunciando o impacto da situación de contaminación fecal das augas, que afectan aos bancos marisqueos, presentaron ante a Fiscalía ata sete denuncias por vertidos contaminantes, sen que mediase unha actuación sobre os responsábeis dos ditos vertidos. Os alcaldes dos concellos implicados son claramente coñecedores da situación, como o afirma o alcalde de Oleiros, que reconece que desde hai máis de dous anos a depuradora do seu concello non funciona correctamente, ou de Culleredo e de Cambre.

A falta de peso e de liderado do goberno autonómico, da deputación e do Concello da Coruña quedan en evidencia no borrador de Orzamentos do Estado do ano 2008. O borrador de Orzamentos, presentado polo Goberno Español o día 25 de setembro deixou en evidencia a demora investidora prevista na construción do Edar de Bens e do emisario submarino, cuxas partidas de investimentos se atrasan e, polo tanto, non poderán estar finalizadas antes de 2011. Así se reflicte que para as obras da estación depuradora de augas residuais de Bens destina case 29 millóns de euros, e 8,5 ao emisario submarino, mentres que, por exemplo, en Vigo se destinan ata 80 millóns para a depuradora, unha iniciativa que se presentou tempo máis tarde.

Esta demora orzamentaria acumúlase á falta de execución de importantes partidas orzamentarias en anos anteriores, e supón que os concellos da ría seguirán vertendo directamente as súas augas residuais máis de 2012.

Por todo iso, presentamos a seguinte moción:

Que o goberno da Deputación Provincial da Coruña inste ao goberno español para que acelere os investimentos necesarios para anticipar ao ano 2009 o funcionamento efectivo da depuradora e emisario de Bens.

Que o goberno da Deputación Provincial da Coruña inste ao presidente da Xunta, á Consellería de Medio Natural e ao organismo autónomo Augas de Galicia, para que adopten con carácter urxente todas as medidas necesarias para pór rápida solución ás graves deficiencias do sistema de depuración das augas residuais dos concellos de Culleredo, Cambre, Oleiros e da Coruña.

Que o goberno da Deputación Provincial da Coruña lidere a realización dun estudo polo miúdo dos puntos de vertido de augas residuais, augas fecais, vertidos industriais na Ría do Burgo, así como o deseño dun proxecto de actuación urxente para os concellos de Culleredo, Oleiros, Cambre e A Coruña, con actuación sobre

particulares, urbanizacións e empresas, que verten as súas augas residuais sen autorización, ou sen tratar na ría do Burgo.

Por último, que o goberno da Deputación da Coruña lidera a adopción polos concellos responsábeis, dun proxecto de rexeneración e tratamento dos lodos contaminantes na ría do Burgo, demandando os investimentos económicos da Xunta de Galicia e do Ministerio de Medio Ambiente Español necesarios para a súa urxente e correcta realización.

Nada máis, grazas.

Sr. Lagares Pérez

Moitas grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados, bos días. A verdade é que non temos o contido da moción, e polo tanto, non podemos entrar a debater, o que si imos a opornos á urxencia, e si indicarlle algunhas pequenas matizacións. Está previsto un estudo do saneamento integral da ría do Burgo, que abrangue aos concellos de Oleiros, Cambre, Culleredo e A Coruña.

En segundo lugar, o financiamento vaino facer a Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Natural, de Augas de Galicia, con fondos estatais. Fala da presentación dos Orzamentos, creo que somos moi precipitados a dicir que non se vai facer ningún investimento, de momento nos Orzamentos Xerais do Estado, entraron a debaterse, como ben dicía, o 25 do 9, de momento temos que ser moi cautos, non sabemos como van finalizar. Unha carreira de 5.500 metros lisos non é como comeza, é como remata. E tamén se van financiar a través de fondos europeos, polo tanto, non nos parece ao Grupo Socialista procedente esta urxencia, e o que si agradeceríamos é que se nos presentase o documento de traballo para o estudar, porque se non temos a moción, como imos decidir sobre a urxencia ou a non urxencia.

O Grupo Socialista vota en contra da urxencia con estas premisas.

Sra. Pérez Fernández

Bos días, Sr. Presidente, Sras. Deputadas e Deputados. O Grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego opina, imos opinar evidentemente sobre a urxencia, porque é o que estamos a debater neste momento, opina non sobre a urxencia desta moción, senón sobre a urxencia de calquera moción, que hai un prazo legal establecido para presentar mocións aos Plenos da deputación e que, polo tanto, na medida das posibilidades, tratemos de aproveitar ese prazo para que así tamén o resto dos grupos políticos poidamos ter coñecemento previo e poidamos contrastar os datos das mocións que se presenten, poidamos documentarnos mesmo sobre os temas que se poidan presentar e, polo tanto, esteamos en igualdade de condicións á hora de debater calquera cuestión.

Non é este o caso, aquí se está a presentar unha moción que se está aproveitando o momento de xustificar a súa urxencia para xustificar, precisamente, ler e argumentar, baixo os criterios do Partido Popular neste caso, a propia moción, o cal nós consideramos inapropiado, en todo caso o único que se trataría de xustificar neste momento sería a urxencia, e só respecto da urxencia, tamén o Grupo provincial do BNG quere dicir o seguinte.

Neste momento, estamos tamén nun prazo de tramitación dos Orzamentos estatais, onde evidentemente vai haber un prazo para presentación de emendas, dos Orzamentos autonómicos efectivamente, aínda non se iniciou, aínda que si a súa tramitación, non se iniciou aínda ese prazo, e polo tanto, todos os grupos teremos tamén ocasión de presentar as emendas correspondentes no lugar correspondente, neste caso, os Orzamentos do Estado. Chama poderosamente a atención, ou a nós chámanos poderosamente a atención que, moitas veces, cuestións que se traen neste caso á Deputación provincial, pero que se levan tamén a múltiples concellos do noso país por parte do Partido Popular, á hora precisamente de as emendar onde as hai que emendar, neste caso, no Estado, no Parlamento Español, os deputados galegos, digamos, do Partido Popular, pechen a súa boca ou non presenten as emendas correspondentes. De nada vale, Sra. Deputada, que nos pronunciemos na deputación, insisto, ou nos múltiples concellos do noso país respecto de determinadas cuestións, cando resulta que onde e cando o temos que presentar, moitas veces non se fai.

Entón, eu permítome suxerirlles que no prazo de emendas que está neste momento aberto, os seus parlamentarios no Estado español presenten todas aquelas emendas que consideren necesarias e, efectivamente, o goberno neste caso do Estado español, terá que considerar se son viábeis.

En todo caso, o prazo, e volvo insistir, está sen finalizar, e ao final do prazo veremos, efectivamente, coas emendas que se acepten, coas que mesmo o propio goberno poida achegar, como acaba toda a cuestión dos orzamentos respecto a este tema concreto.

Sr. Presidente, só unha cuestión, a min gustárame insistirlles en que o procedemento, a ver, que todos entendemos por normal, é ter as mocións con antelación, presentalas no prazo, debatelas como moción ordinaria, o cal nos pon a todos os grupos en igualdade de condicións á hora de ter e poder debater os documentos. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Eu, en todo caso, pediríalle a todos os grupos que a intervención ten que ser sobre a urxencia, estamos a falar da moción, pediría que se limitasen na medida do posíbel á urxencia.

Sra. Farjas Abadía

Primeiro quero aclarar que a moción se presentou en tempo e forma, presentouse esta mañá, presentámola en Rexistro, e ademais estaríamos encantados de facer un receso nesta sesión se queren entrar a debater, porque a nosa vontade claramente é que a deputación, que se é unha administración, e os deputados somos responsábeis de presentar en tempo de alegacións e en tempo de discusión as iniciativas que correspondan, este tamén é un foro onde facer a presentación daquelas iniciativas, e este é o momento de discutir aquelas alegacións e propostas que poidan ter unha repercusión directa nos orzamentos das distintas entidades, xa digo, convido a poder discutir sobre os puntos concretos, creo que ningunha das propostas que contén esta moción serían discutíbeis respecto ás responsabilidades e competencias da deputación para as apoiar ou realizalas.

Por iso volvo a pór na súa consideración que este é o momento, o próximo Pleno é dentro dun mes, e posiblemente perderemos un tempo precioso para posicionar a todos os representantes dos concellos desta provincia sobre un tema de gran importancia para a ría do Burgo.

Sr. Presidente

Eu creo que o tema da urxencia está sobradamente debatido, en todo caso someter a votación a urxencia.

Decae a urxencia ao non ser aprobada por maioría.

Sr. Presidente

Creo que hai outra moción máis, Sra. Mejuto, rógolle que fale sobre a urxencia, non sobre o fondo da moción, e se hai algunha intervención dos outros grupos, que tamén se atean á urxencia. Moitas grazas.

Sra. Vázquez Mejuto

Grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados, vou proceder entón de forma, espero, breve, sinxela e concisa, a argumentar a urxencia desta moción que presenta o Grupo Popular e que cremos que é urxente, primeiro porque atinxe a un concello da provincia da Coruña, neste caso é Melide, onde eu tamén son portavoz, posicionouse xa a Deputación de Lugo e agora o está a facer a de Pontevedra, está a punto de saír a información pública o proxecto de tramo da autovía que quedaba aínda sen concretar, que era o de Palas e Arzúa, e por outro lado, porque estamos co debate dos orzamentos, nos cales está incluída tamén esta autovía.

Simplemente unha pequena explicación, porque entendo que non todos os deputados teñen por que ter coñecemento do problema que atinxe a este concello.

Esta autovía é o eixe principal de vertebración do interior de Galicia, estaba incluído dentro do que era o denominado Plan Galicia e saíu a información pública todo o que é o tramo no ano 2003, naquel momento o Concello de Melide non estaba de acordo porque se illaba moito o trazado da autovía, é dicir, en vez de ir paralelo á nacional 547, o que facía era illarse máis de sete quilómetros do límite do concello, o cal implicaba unha discriminación, non só para o que era Melide en si, senón tamén para o polígono industrial.

Naquel momento, tanto o BNG como o Partido Popular, fixeron as alegacións en conxunto, o PSOE non tiña representación no concello, e agora encontrámonos con que está a punto de saír de novo o estudo informativo. Aquelas alegacións non foron contestadas, pero si Fomento estivo de acordo, de aí que de novo volvese facer un proxecto, e é a Deputación de Pontevedra quen insta a Fomento para que de novo o tramo da autovía pase pola provincia de Pontevedra e non pola provincia da Coruña. Nós cremos que debe de pasar pola provincia da Coruña, en concreto por Melide, por cuestións de índole histórica, económica e tamén xeográfica, e tal e como se posicionou a Deputación de Lugo e tamén a de Pontevedra, cremos necesario que se posicione a Deputación da Coruña pedíndolle a Fomento que o trazado se achegue e vaia paralelo á nacional 547, e que isto se faga no menor prazo posíbel de tempo, xa que esta autovía, que era imprescindible para vertebrar o interior de Galicia e debería estar finalizada no ano 2007, aínda non se comezou, entón estaríamos a barallar xa o ano 2013-2014. Grazas.

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. Presidente, o Grupo Socialista non considera urxente esta moción, dado que xa o Concello de Melide, como ben expuxo na súa exposición o portavoz neste caso do Partido Popular, presentou ao Ministerio de Fomento as súas previsións. Esas previsións reflectiraas agora no proxecto que sairá a exposición pública, e ese proxecto técnico entendemos que ao mellor as recolle, e se non as recolle, non o sabemos aínda, non estamos seguros se as vai recoller ou non as vai recoller, estaremos pendentes do que diga ese proxecto técnico. Polo tanto, entendemos que non é urxente, e que estamos posiblemente pondo os bois antes que o carro. Moitas grazas.

Sra. Pérez Fernández

O Grupo Provincial do BNG ten a mesma consideración que na moción anterior respecto á urxencia da moción, pero en todo caso, tamén un último matiz. Vale a explicación do non apoio á urxencia que damos na moción anterior, pero respecto a esta moción en concreto, un pequeno matiz tamén que queremos engadir.

Pola explicación tamén da portavoz do Partido Popular se pon de manifesto que o que se solicita é un trazado que pase pola provincia da Coruña e, segundo os nosos datos, e insisto que debido á urxencia da presentación da súa moción, se cadra non

están contrastadas ao cen por cento, a información que temos é que precisamente na Deputación de Pontevedra esta moción, a iniciativa tamén do Grupo Popular, se debateu precisamente nun sentido distinto ao que se nos trae hoxe aquí. Xa que logo, un debate que vostedes teñen internamente cremos que non se debe trasladar ás institucións, sobre todo cando vostedes non teñen unha postura unitaria sobre o tema, e nuns sitios probabelmente están pronunciándose nun sentido, e noutros están pronunciándose noutro. Grazas, Sr. Presidente.

Sra. Vázquez Mejuto

De novo sigo reivindicando a urxencia, creo que é moi importante porque vai saír á luz pública ese estudo e cremos que un apoio por parte da Deputación da Coruña é moi importante.

Por outro lado dei os argumentos necesarios, que non importa que a Deputación de Pontevedra, aínda sendo gobernada polo Partido Popular se posicione a favor de que pase por Pontevedra, porque estamos a defender un concello que pertence á provincia da Coruña, e eu aínda que son portavoz do Partido Popular, dou os argumentos necesarios para que a Deputación da Coruña se posicione a favor de que a autovía pase por Melide. Moitas grazas.

Vótase a urxencia, que non se aproba ao non obter a maioría.

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Borbujo Martínez

Sr. Presidente, Sres. Deputados e Deputadas, como consecuencia das últimas informacións saídas na prensa, desde o Grupo do Partido Popular queremos realizarlle dous rogos. En primeiro lugar, as declaracións realizadas polo Sr. Vicepresidente, que me atrevería a dicir, bastante desafortunadas, e que hoxe preside accidentalmente esta Corporación, nas que se publicaron información de axudas de maneira errónea e co único obxectivo de buscar un protagonismo por parte da Vicepresidencia, que non comprendemos e en absoluto compartimos, e referímonos por exemplo a unha noticia dada o día 12 de setembro na que desde Vicepresidencia se anuncia unha concesión para diversas asociacións veciñais e culturais. As devanditas axudas que o Sr. Villamar anuncia estaban sen fiscalizar e sen a sinatura do Sr. Presidente. A anécdota non iría máis alá se vostedes non nos denegasen a listaxe destas asociacións.

A segunda ocasión prodúcese o 19 de setembro, e esta vez o vicepresidente anuncia nos periódicos adxudicacións por parte de Vicepresidencia por importe de 450.000 euros ao Concello de Oleiros, ao que o Sr. Villamar chamou adxudicacións, non é outra cousa que o cumprimento dunha obriga, por parte da deputación, cos concellos da provincia, o chamado POS, Programa de obras e servizos.

Sinceramente sorpréndenos que o Sr. Vicepresidente faga pública unha información privilexiada cando foi denegada ao Grupo do Partido Popular, tendo sido solicitada, Sr. Presidente, polos trámites legais, co cal intuimos que está vostede empregando a dita información privilexiada para un uso partidista, desprestixiando claramente o íntegro funcionamento desta institución, polo que lle rogaríamos encarecidamente que teña en conta que os representantes electos democraticamente polos cidadáns teñen o dereito a obter información cando se solicita tal e como este grupo realizou polas canles legalmente establecidas, e non a través de notas de prensa realizadas pola Vicepresidencia.

O segundo rogo, Sr. Presidente, vén a coacción doutra nota de prensa aparecida o martes 25 de setembro, e realizadas, parece ser, por un asesor recente nomeado por parte do Gabinete da Presidencia. Nesas informacións recollíase que o dito asesor do goberno provincial exercería como representante do Grupo Nacionalista da Deputación da Coruña pola Costa da Morte. A nota engadía outros comentarios que nos poderían facer sospeitar sobre a existencia dunha rede de clientelismo comarcal por parte da Vicepresidencia, pero por suposto, o que máis nos preocupa nesta noticia é que este señor está a cometer intrusismo político coas súas declaracións posto que, por parte deste partido xudicial ao que lle corresponde a bisbarra, só existe representación por parte do Partido Popular e do Partido Socialista, e en ningún caso foi electo democraticamente representante do Bloque Nacionalista Galego.

Un deputado, Sr. Presidente, é unha cousa, e un asesor é outra. Ata o momento, os deputados gáñanse nas urnas, non se adxudican a base de postos de confianza. Seguimos preocupados porque, despois de varios días, non se fixo ningunha rectificación pública por parte da Vicepresidencia, atentando contra a honra dos deputados electos dunha forma democrática, e apoiando desta maneira o intrusismo político.

Por iso, desde o Partido Popular, rogámoslle que faga unha rectificación pública deste feito, porque de non ser así, veriámonos obrigados a tomar outro tipo de medidas que nos fagan respectar como deputados e representantes lexítimos do pobo, como pode ser acudir ao asesoramento do Defensor do Pobo.

Sr. Presidente

Voulle a contestar aos dous rogos, o primeiro que ten dúas partes, creo que a primeira parte xa foi contestada no Pleno anterior. A segunda eu o que lle podo dicir é que eu, como vicepresidente, non fixen ningún tipo de comunicación, nin escrito desde a Vicepresidencia, polo tanto, non lle podo contestar a algo que eu non fixen, simplemente dicirlle que eu non fixen iso que vostede di, ou os medios de comunicación din que eu fixen, iso non o fixen.

E en segundo lugar, contestándolle ao segundo rogo, dicirlle que o persoal do Gabinete ten as funcións que ten legalmente, nin máis, nin menos, e eu en todo caso non entro a valorar as noticias dos periódicos, eu non teño por costume facer política polos periódicos, é o que lle podo contestar aos dous rogos.

Sra. Borbujo Martínez

Moitas grazas, Sr. Presidente. Eu lémbrolle que creo que dentro da institución da deputación hai especialmente ese tipo de asesores que lle poden asesorar, polo menos do que sae de prensa, aínda que vostede non o lese, e entón paréceme un pouco triste que tendo ese tipo de persoas non se poidan utilizar, -é un comentario-, non se poidan utilizar precisamente para o manter a vostede informado sobre o que sae nos medios de comunicación, e que están a utilizar palabras que poñen na súa boca.

E en canto ao segundo tema, a verdade é que como parece ser que vostede non leu a nota de prensa, e para os Sres. Deputados que aquí están presentes, que ao mellor tampouco a leron, vou ler brevemente determinadas manifestacións desa nota de prensa, para que vostede tome a decisión, aínda que sexa despois do Pleno, de se realmente ten que tomar algún tipo de actitude fronte a estas declaracións. Por exemplo, dinos nesas declaracións este señor que “Xa é o representante do Grupo Nacionalista da Deputación da Coruña para a Costa da Morte”, Sr. Presidente, como lle dixen anteriormente, e como vostede dixo, é un asesor, non un representante da deputación, e é aí onde lle estamos a comentar o intrusismo político. En segundo lugar di que “Terá liña directa co vicepresidente do organismo”, cousa que me parece moi ben, ben tamén nos podería dar o número de teléfono porque agora ao mellor resulta que nos dedicamos a liñas doutro tipo, pero ben, iso cada un, cada asesor, poderá ter as liñas que lle dea a gana co vicepresidente, pero ademais engade que “...polas súas mans pasarán as diferentes propostas e iniciativas que se formulen desde a zona”. Sr. Vicepresidente, Sr. Presidente accidental, a verdade é que isto fai sospeitar ese clientelismo que eu estou totalmente convencida de que vostede non vai estar de acordo, e que por iso lle rogamos que tome algún tipo de medida sobre este tipo de declaracións en canto aos asesores se refire.

Sr. Presidente

Coincidimos, e vólvolle repetir o que lle dicía antes, é dicir, que o persoal de Gabinete ten as competencias que ten, nin máis nin menos, e eu non entro a valorar as noticias, sabe que hai estilos xornalísticos, e en fin, ás veces as noticias non reflicten, mesmo se vemos varios xornais a noticia non é exactamente igual.

De calquera maneira enúnciolle, tanto a vostede, como ao resto do Grupo Popular, a miña disposición, e a disposición de ter tamén liña directa con todos, e que acudan a Vicepresidencia e falamos de todos os temas que vostedes queiran, como vostedes queiran, e isto si que non é necesario que o lean vostedes na prensa, eu

transmítooo aquí na institución, que a Vicepresidencia está aberta a todos os membros do Grupo Popular, e tamén do resto dos grupos, por suposto, pero como neste caso os que teñen a palabra son vostedes, que está aberta para que falemos de todo o que vostedes queiran falar. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Cobián Fernández

Un rogo moi rápido e breve, rogo que se mellore o sistema de megafonía deste salón plenario, Sr. Presidente. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Tomamos nota e espero que se mellore.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e cincuenta minutos, procedéndose a redacta-la acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o Secretario, dou fe.